

>>>>>>> **GUÍA**
DE ACCESO
DOCUMENTAL
DO SISTEMA DE ARQUIVOS
DA XUNTA DE GALICIA



Edita:

XUNTA
DE GALICIA

Consellería de Cultura, Lingua e
Xuventude

Dirección Xeral de Cultura

Coordinación:

Subdirección Xeral de Arquivos e Centros
Museísticos

Textos

O contido desta guía procede dos relatorios realizados no marco das **Xornadas sobre acceso documental** que se desenvolveron en Santiago de Compostela en maio de 2025, organizadas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude:

- *Distribución de competencias en materia de arquivos, bibliotecas e museos.*

Santiago Valencia Vila

- *Propiedade intelectual en arquivos, bibliotecas e museos.*

Natalia Solar Jimeno

- *Uso e reprodución de obras en centros culturais.*

José Ángel Oreiro Romar

- *O tratamento de datos persoais nos centros culturais.*

Antonio Manuel Miño López

- *O dereito de acceso e consulta nos arquivos públicos versus o dereito de acceso á información pública.*

Carmen María Salgueiro Moreira

- *Dereitos de imaxe e a súa aplicación nos centros culturais.*

María Isabel Novo Castro

- *Introdución aos controis de acceso nos centros culturais.*

Guillermo José Rodicio Cimadevilla

- *O público como creador de contidos culturais.*

María Isabel Novo Castro

Deseño e realización da edición:

Herminio Martínez

The logo for 'enhe ESTUDIO' features the word 'enhe' in a stylized, lowercase, handwritten-style font. Below it, the word 'ESTUDIO' is written in a smaller, uppercase, sans-serif font.

Depósito Legal:

C 2002-2025

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2025

ÍNDICE

0	PRESENTACIÓN	05
1	COMO USAR ESTA GUÍA	06
2	A DISTRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS	09
3	O DEREITO DE ACCESO E CONSULTA NOS ARQUIVOS PÚBLICOS <i>VERSUS</i> O DEREITO DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA	17
4	ASPECTOS DE INTERESE EN MATERIA DE PROPIEDAD INTELECTUAL	27
5	USO E REPRODUCCIÓN DE OBRAS	37
6	TRATAMIENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL	59
7	O DEREITO DE IMAXE	75
8	O PÚBLICO COMO CREADOR DE CONTIDOS CULTURAI	85
9	CONTROIS DE ACCESO AOS CENTROS	93
10	ÍNDICE LEGISLATIVO	101

Os arquivos públicos cumpren na actualidade unha función que excede a clásica de custodia e conservación do patrimonio documental. Son moito máis que a memoria histórica dunha sociedade.

De forma singular, cando falamos de arquivos administrativos, concibímoslos como ferramentas destinadas a asegurar a xestión administrativa, a dar testemuño da actividade pública e, sobre todo, a servir ao dereito constitucional de acceso á información nun marco legal no que se imponen a calidade na prestación dos servizos e a transparencia.

As dúas facianas, a cultural e a administrativa, constitúen unha realidade presente no día a día do funcionamento de calquera arquivo público, o cal, en relación co dereito de acceso á información, debe someterse ás limitacións derivadas do contexto normativo no que desenvolve a súa actividade.

Neste senso, o dereito de acceso á documentación e á información que esta contén debe exercerse baixo o respecto a outros dereitos cos que convive e cos que pode colidir, o que fai complexo o labor do persoal arquivista á hora de atender as consultas da cidadanía.

Esta guía concíbese como un instrumento cuxa finalidade é a de facilitar o traballo dos e das profesionais dos arquivos (aínda que moitas das cuestións tratadas son aplicables tamén no ámbito das bibliotecas e dos museos) e contribuír a optimizar a organización do Sistema de arquivos da Xunta de Galicia, propósito este que se erixe como un dos obxectivos estratéxicos do Plan de arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026.

O citado plan, aprobado mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia o 20 de outubro de 2022, incorpora a elaboración desta guía como unha das accións integrantes do obxectivo estratéxico 2.1, "Optimizar a organización", dentro da liña estratéxica 2, "Optimizar a xestión".


Para levar a cabo a redacción desta guía, partiuse do coñecemento e dos contidos resultantes das Xornadas sobre acceso documental, desenvolvidas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en maio de 2025 e nas que participaron letrados da Asociación de Letrados da Xunta de Galicia. Con todo, co fin de facer desta guía unha ferramenta práctica e de fácil consulta, condensouse o coñecemento extraído das xornadas a través da formulación de cuestións concretas que obteñen unha resposta directa e concisa para calquera persoa que se achegue ao seu contido.

José Carlos López Campos
Conselleiro de Cultura,
Lingua e Xuventude

COMO USAR ESTA GUÍA



Esta guía está estructurada en dez bloques, todos separados mediante anteportadas, cada unha cunha cor específica para axudar o lector á súa localización.



Igualmente, cada páxina de cada un destes bloques leva un paxinador en cor, pero que vai secuencialmente desprazándose na súa disposición respecto aos demais, coa mesma idea de facilitar a súa localización dentro do conxunto.

A DISTRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE ARCHIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS

15. Existen potestades de coordinación do Estado no eido cultural?
Non. Existen competencias estatais sobre o patrimonio cultural e sobre museos, arquivos e bibliotecas. Tamén pode incidir por outros títulos competenciais estatais de ser o caso, pero como tal non ten competencias de coordinación neste eido.
O que si procede é a colaboración entre as Administracións Públicas, pero baixo a nota da voluntariedade.

16. Cales son as competencias estatais e galegas sobre os arquivos?
Segundo o artigo 143.1.28 CE o Estado ten competencias sobre arquivos de titularidade estatal, e segundo o artigo 27.18 do EAG, Galicia ten competencia sobre arquivos de interese para a Comunidade Autónoma e que non sexan de titularidade estatal. Polo tanto, Galicia ten competencias sobre arquivos que non sexan de titularidade estatal.

17. Galicia ten competencias sobre arquivos de titularidade privada?
Si, en tanto que non sexan arquivos de titularidade estatal, pertencen ao eido competencial galego, sempre respectando que son de propiedade privada.

18. Que sucede coas competencias autonómicas para xestionar arquivos de titularidade estatal?
En moitos Estatutos de Autonomía está expresamente recollido. No caso de Galicia, dado que non se recolleu como tal no seu Estatuto, isto derivou do Convenio entre o Ministerio de Cultura e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre xestión de museos e arquivos de titularidade estatal, asinado o 5 de decembro de 1989 (BOE 19.12.1989).

19. Que arquivos de titularidade estatal se atribuíron á xestión galega no Convenio Estado-Galicia de 1989?
O Arquivo do Reino de Galicia e os Históricos Provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra.

20. Pode unha norma autonómica establecer que documentos ou arquivos estatais forman parte do patrimonio documental autonómico?
Si. Para a STC 103/1988 non existe problema competencial en que se diga que os documentos estatais son parte integrante do patrimonio documental autonómico. Considera que o problema, polo tanto, non é que se cualifique aos documentos estatais como patrimonio histórico andaluz, non é que se cualifique aos documentos estatais. En concreto, expresa que se a norma autonómica tivera unha configuración que determinara que a súa regulación fora aplicable arquivos de titularidade estatal, habería exceso competencial.

21. Que significa que unha norma autonómica estableza que documentos ou arquivos estatais forman parte do patrimonio documental autonómico ou do seu sistema de arquivos?
A STC 31/2010 FX 74 dispón que non contradi o art. 149.1.28 en relación ao art 149.2 que os fondos localizados en arquivos de titularidade estatal se integren en sistemas arquivísticos autonómicos en canto iso implique unha cualificación que só engada unha sobreprotección aos devanditos fondos, pero sen incidencia na regulación, disposición ou xestión dos fondos documentais nin dos arquivos onde se sitúan e "que no puido significar la desaparición de la titularidad y libre disposición estatal de esos fondos".

22. Esa normativa autonómica que establece que os documentos estatais forman parte do patrimonio documental autonómico, debe explicitar que o é sen prexuízo da aplicación da legislación estatal ou expresión similar?
Si. A STC 38/2013 anulou un precepto autonómico (de Castela e León) que non incluía unha mención de "sin perjuicio de la normativa del Estado que les sea de aplicación".

23. Cabe declarar Ben de Interese Cultural por unha Comunidade Autónoma á documentación custodiada en arquivos de titularidade estatal?
Non, en canto que afecte ás competencias estatais. A STC 196/2013 FX 5 declarou "la declaración como bien de interés cultural de la documentación que se contiene en los archivos de titularidad estatal a que se refiere el precepto impugnado, conlleva la sujeción de tales documentos al régimen que establece la Ley 32/2002, con el consiguiente menoscabo de las competencias estatales."

24. Cal é a norma galega sobre arquivos?
A Lei 7/2014, de 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.

25. Cales son as competencias estatais e galegas sobre bibliotecas?
Segundo o artigo 149.1.28 da CE o Estado ten competencias sobre bibliotecas de titularidade estatal, e segundo o artigo 27.18 do EAG, Galicia tenas sobre bibliotecas de interese para a Comunidade Autónoma e que non sexan de titularidade estatal. Polo tanto, Galicia ten competencias sobre as bibliotecas que non sexan de titularidade estatal.

26. Que sucede coas competencias autonómicas para xestionar bibliotecas de titularidade estatal?
En moitos Estatutos de Autonomía está expresamente recollido. No caso de Galicia, dado que non se recolleu como tal no seu Estatuto, isto derivou do Convenio entre o Ministerio de Cultura e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre xestión de bibliotecas de titularidade estatal asinado o 5 de decembro de 1989 (BOE 19.12.1989).

Para axudar na súa consulta, a Guía indícalle ao lector que aspectos da resposta están relacionados cun marco legal, normativo, xurisprudencial, etc. Para iso, creáronse unha serie de iconas que simplifiquen a relación entre contidos e relación cos devanditos marcos.

Iconas empregadas no desenvolvemento do texto e seu significado

-  Constitución española
-  Tratado/Convenio internacional
-  Estatuto de autonomía de Galicia
-  Sentenza do Tribunal Constitucional
-  Tratado da Unión Europea
-  Sentenza do Tribunal Supremo
-  Lexislación española
-  Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
-  Lexislación galega
-  Sentenza do Tribunal de Xustiza da UE
-  Lexislación da UE
-  Convenio Estado Galicia
-  Declaración Universal de Dereitos Humanos
-  Comisión de Transparencia do Estado
-  Definición de termo ou concepto

2 A DISTRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE ARCHIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS



Don *Jose Diaz Macuso*
DIRECTOR GENERAL DE *Instrucción pública*

Por cuanto por Real orden de esta fecha S. M. el Rey (q. D. g.) y en su nombre la Reina Regente del Reino ha tenido a bien nombrar a Don *Manuel José Villarino y Varquez*, para *excepción de escala*, *Oficial de segundo grado del Cuerpo de Archiveros, Bibliotecarios y Anticuarios*, con el sueldo anual de tres mil quinientas pesetas.

POR TANTO, con arreglo a lo prevenido en la disposición 8.ª del artículo 1.º del Reglamento provisional de procedimiento administrativo aprobado por Real Decreto de 23 de Abril de 1890 y de orden del Señor Ministro de Fomento expido al referido Don *Manuel José Villarino y Varquez*

el presente Título para que desde luego y previa los requisitos expresados en la Instrucción de 10 de Diciembre de 1851 y Real Decreto de 28 de Noviembre del mismo año pueda entrar en el ejercicio del cargo destino con sujeción a lo que para los de esta clase se halla establecido por las disposiciones vigentes, o a lo que en lo sucesivo se estableciere. Y se previene que este Título quedará nulo y sin ningún valor ni efecto si se omitiere el Cumplase el Decreto mandando dar la posesión y la certificación de haber tenido efecto por la Oficina correspondiente, prohibiéndose expresamente que en cualquiera de estos casos se acredite sueldo alguno al interesado ni se le ponga en posesión de su cargo.

Dado en Madrid a *veintinueve de Agosto de mil ochocientos noventa.*



Manuel José Villarino y Varquez
Título de Oficial de segundo grado del Cuerpo de Archiveros, Bibliotecarios y Anticuarios
a favor de Don *Manuel José Villarino y Varquez.*

Análizase nesta primeira epígrafe da Guía a distribución de competencias en materia de arquivos, bibliotecas e museos, onde os artigos constitucionais e estatutarios aluden a estes conceptos dunha forma conxunta, o que non impide que caiba facer unha análise separada, dando conta desa base común.

Para estes efectos, é preciso facer primeiramente unha análise sobre como trata a Constitución a cultura en xeral e a necesidade da colaboración e coordinación nese eido.

Ademais do marco constitucional e estatutario, estúdanse as sentenzas do Tribunal Constitucional sobre estas materias, así como as singularidades que poidan darse respecto á Comunidade Autónoma de Galicia.

Finalmente, tamén se analiza como operan desde o punto de vista da distribución de competencias as subvencións estatais nesta materia.

1. Existe algún mandato na Constitución cara aos poderes públicos e á cultura?

Si. O artigo 46 da Constitución (CE, en diante) recolle un mandato xeral referido a que *Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade. A lei penal sancionará os atentados contra este patrimonio.*

2. Existe algún mandato no Estatuto de autonomía de Galicia cara aos poderes públicos e á cultura?

Si. O artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia (EAG, en diante) dispón: *Correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Con tal finalidade, e mediante lei do Parlamento, constituirase un Fondo Cultural Galego e o Consello da Cultura Galega.*

E, no seu artigo 4.2, hai unha referencia á cultura: *Correspóndelles aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación do todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.*








3. Dentro da distribución de competencias entre o Estado e as CC.AA. en materia de cultura, existe algunha especialidade na Constitución?

Si. O artigo 149.2 da CE recolle: *2. Á parte das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial e facilitará a comunicación cultural entre as comunidades autónomas, de acordo con elas.*

Iso significa que o art. 149.2 da CE ampara a actuación concorrente en favor da cultura tanto do Estado como das CC.AA. Ambos poden actuar.

4. Como se denomina a competencia do Estado e das CC.AA. en materia de cultura?

Dado que ambos poden actuar a favor da cultura, considérase que é unha competencia "concorrente".

-  **5. Que a materia competencial sobre cultura sexa concorrente, significa que o Estado pode actuar nesa materia libremente?**
- Non. Tal conceptualización como competencia concorrente non pode implicar que o Estado, utilizando o termo da cultura, de carácter sempre expansivo, se introduza en ámbitos sectoriais autonómicos cando existan títulos específicos (por exemplo, STC 109/1996).
-  **6. Cal é o artigo na Constitución que lle atribúe ao Estado competencias sobre o patrimonio histórico?**
- O art. 149.1.28 da CE, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a *Defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a espoliación...*
-  **7. Cal é o artigo da Constitución que lle atribúe ao Estado competencias sobre museos, bibliotecas e arquivos?**
- O art. 149.1.28 da CE, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre *museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión por parte das comunidades autónomas.*
-  **8. Cal é o artigo do Estatuto de autonomía de Galicia que lle atribúe a esta competencias sobre o patrimonio histórico?**
- O artigo 27.18 dispón que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia: *Patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma, e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servizos de belas artes de interese para a Comunidade.*
-  **9. Cal é o artigo do Estatuto de autonomía de Galicia que lle atribúe a esta competencias sobre arquivos, bibliotecas e museos?**
- O artigo 27.18 dispón que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia: *arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma, e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servizos de belas artes de interese para a Comunidade.*
-  **10. Cal é a sentenza do Tribunal Constitucional que deslindou as competencias en materia de patrimonio cultural?**
- A STC 17/1991, ditada pola impugnación por parte das CC.AA. da Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español.
-  **11. Que doutrina estableceu a STC 17/1991 sobre a distribución de competencias en materia de patrimonio cultural?**
- O Estado pode ditar unha lei xeral sobre o patrimonio histórico. A competencia para facer declaracións de bens como BIC correspóndelles orixinariamente ás comunidades autónomas, salvo que se trate de bens adscritos a servizos públicos xestionados pola Administración do Estado ou que formen parte do patrimonio nacional. Cabe o exercicio das potestades estatais derivadas do título de espoliación, como cobertura xenérica das

intervencións estatais que sexan necesarias para garantir a integridade do patrimonio histórico español. Tamén entra nas competencias estatais *o que precise de tratamentos xerais, ou o que faga necesaria esa acción pública cando os fins culturais non puidesen lograrse desde outras instancias*. A difusión internacional do coñecemento dos bens que integran o patrimonio histórico español correspóndelles indistintamente ao Estado e ás comunidades autónomas, pero respecto destas co límite de que impliquen a asunción de responsabilidades internacionais, políticas e económicas polo Estado español.

12. É importante a colaboración e cooperación das diferentes administracións no eido cultural?

Si; dado que estamos nunha materia de carácter concorrente, a de cultura, as técnicas colaborativas e de cooperación sempre van ter unha importancia cualificada.



13. Que significa constitucionalmente a colaboración ou cooperación?



O principio de colaboración ou cooperación non está expresamente recollido na Constitución, o que non impide a súa operatividade, como está pacificamente admitido polo TC (por todas, FX 14, STC 18/82). Para o intérprete constitucional, a colaboración debe estar, con carácter xeral, baseada na voluntariedade do seu establecemento, aínda que recoñece supostos onde o seu establecemento se estima como necesario.



14. Que significa constitucionalmente a coordinación?



A coordinación ten unha nota de obrigatoriedade, de forma que, para lle recoñecer ao Estado esta posibilidade, tal facultade debería provir do bloque de constitucionalidade. Podemos citar a sentenza TC 42/83, FX 3.c, para estes efectos.

15. Existen potestades de coordinación do Estado no eido cultural?

Non. Existen competencias estatais sobre o patrimonio cultural e sobre museos, arquivos e bibliotecas. Tamén pode incidir por outros títulos competenciais estatais, de ser o caso, pero como tal non ten competencias de coordinación neste eido.

O que si procede é a colaboración entre as administracións públicas, pero baixo a nota da voluntariedade.



16. Cales son as competencias estatais e galegas sobre os arquivos?



Segundo o artigo 149.1.28 CE, o Estado ten competencias sobre arquivos de titularidade estatal; e, segundo o artigo 27.18 do EAG, Galicia ten competencia sobre arquivos de interese para a Comunidade Autónoma e que non sexan de titularidade estatal. Polo tanto, Galicia ten competencias sobre arquivos que non sexan de titularidade estatal.

17. Galicia ten competencias sobre arquivos de titularidade privada?

Si; na medida en que non sexan arquivos de titularidade estatal, pertencen ao eido competencial galego, sempre respectando que son de propiedade privada.




18. Que sucede coas competencias autonómicas para xestionar arquivos de titularidade estatal?

En moitos estatutos de autonomía está expresamente previsto. No caso de Galicia, dado que non se recolleu como tal no seu Estatuto, isto derivou do Convenio entre o

Ministerio de Cultura e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre xestión de museos e arquivos de titularidade estatal, asinado o 5 de decembro de 1989 (BOE do 19.12.1989).

19. Que arquivos de titularidade estatal se atribuíron á xestión galega no Convenio Estado-Galicia de 1989?


O Arquivo do Reino de Galicia e os arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra.

 **20. Pode unha norma autonómica establecer que documentos ou arquivos estatais forman parte do patrimonio documental autonómico?**

Si. Para a STC 103/1988 non existe problema competencial en que se diga que os documentos estatais son parte integrante do patrimonio documental autonómico. Considera que o problema, polo tanto, non é que se cualifiquen os documentos estatais como patrimonio histórico andaluz, senón as consecuencias desa clasificación. En concreto, expresa que, se a norma autonómica tivese unha configuración que determinase que a súa regulación fose aplicable a arquivos de titularidade estatal, habería exceso competencial.

 **21. Que significa que unha norma autonómica estableza que documentos ou arquivos estatais forman parte do patrimonio documental autonómico ou do seu sistema de arquivos?**

A STC 31/2010, FX 74, dispón que non contradí o art. 149.1.28, en relación co art. 149.2, que os fondos localizados en arquivos de titularidade estatal se integren en sistemas arxivísticos autonómicos na medida en que iso implique unha cualificación que só engada unha sobreprotección aos devanditos fondos, pero sen incidencia na regulación, disposición ou xestión dos fondos documentais nin dos arquivos onde se sitúan e *que non pode significar a desaparición da titularidade e libre disposición estatal deses fondos.*

 **22. Esa normativa autonómica que establece que os documentos estatais forman parte do patrimonio documental autonómico debe explicitar que o é sen prexuízo da aplicación da lexislación estatal ou expresión similar?**


Si. A STC 38/2013 anulou un precepto autonómico (de Castilla y León) que non incluía unha mención de *“sen prexuízo da normativa do Estado que lles sexa de aplicación”*.

 **23. Cabe declarar ben de interese cultural por unha Comunidade Autónoma a documentación contida en arquivos de titularidade estatal?**

Non, na medida en que afecte as competencias estatais. A STC 136/2013 FX 5 declarou: *a declaración como ben de interese cultural da documentación que se contén nos arquivos de titularidade estatal a que se refire o precepto impugnado implica a suxeición de tales documentos ao réxime que establece a Lei 12/2002, co consecuente menoscabo das competencias estatais.*

 **24. Cal é a norma galega sobre arquivos?**

A Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.

 **25. Cales son as competencias estatais e galegas sobre bibliotecas?** Segundo o artigo 149.1.28 da CE, o Estado ten competencias sobre bibliotecas de titularidade estatal; e, segundo o artigo 27.18 do EAG, Galicia tenas sobre bibliotecas de interese para a Comunidade Autónoma e que non sexan de titularidade estatal. Polo tanto, Galicia ten competencias sobre as bibliotecas que non sexan de titularidade estatal. **26. Que sucede coas competencias autonómicas para xestionar bibliotecas de titularidade estatal?**

En moitos estatutos de autonomía está expresamente recollido. No caso de Galicia, dado que non se recolleu como tal no seu Estatuto, isto derivou do Convenio entre o Ministerio de Cultura e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre xestión de bibliotecas de titularidade estatal, asinado o 5 de decembro de 1989 (BOE do 19.12.1989).

 **27. Que bibliotecas de titularidade estatal se atribuíron á xestión galega no Convenio Estado-Galicia de 1989?**

No anexo dese convenio aparecen:

ANEXO

Relación de bibliotecas

Biblioteca pública. Rúa San Carlos, sen número, A Coruña.

Biblioteca pública. Praza de Salvador Parga, 4, Santiago de Compostela.


Biblioteca pública. Avenida de Ramón Ferreiro, sen número, Lugo.

Biblioteca pública. Rúa Concello, 13, Ourense.

Biblioteca pública. Rúa Alfonso XIII, 3, Pontevedra.

 **28. Cal é a norma galega sobre bibliotecas?**

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.

 **29. Cales son as competencias estatais e galegas sobre os museos?** Segundo o artigo 149.1.28 da CE, o Estado ten competencias sobre os museos de titularidade estatal; e, segundo o artigo 27.18 do EAG, Galicia tenas sobre os museos de interese para a Comunidade Autónoma e que non sexan de titularidade estatal. **30. Que sucede coas competencias autonómicas para xestionar museos de titularidade estatal?**

En moitos estatutos de autonomía está expresamente recollido. No caso de Galicia, dado que non se recolleu como tal no seu Estatuto, isto derivou do Convenio entre o Ministerio de Cultura e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre xestión de museos e arquivos de titularidade estatal, asinado o 5 de decembro de 1989 (BOE do 19.12.1989).

 **31. Que museos de titularidade estatal se atribuíron á xestión galega no Convenio Estado-Galicia de 1989?**

No anexo dese convenio, aparecen:

Relación de museos

Museo de Belas Artes. Sede actual: Casa do Consulado do Mar, rúa Panaderas, 58. A Coruña. Sede prevista: Convento dos Capuchinos. Rúa Panaderas.

Museo Monográfico do Castro de Viladonga. Castro de Rei (Lugo).

Museo de Artes e Costumes Populares· Sección do anterior. O Cebreiro, Pedrafita (Lugo).

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Antigo Palacio Episcopal. Rúa Obispo Carrascosa, número 1 (con volta a Hernán Cortés), Ourense.

Museo de Artes e Costumes Populares· Sección do anterior. Casa Martín Vázquez. Entre a rúa de Santiago, rúa de Fornos e travesía da Calella, Ribadavia (Ourense).

A maiores dese convenio, podemos citar o Real decreto 2168/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, polo cal se traspasa o Museo das Peregrinacións e de Santiago en Santiago de Compostela.

 **32. Cal é a norma galega sobre museos?**

A Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia. Tamén hai mencións na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

  **33. As entidades locais teñen competencias sobre arquivos, museos e bibliotecas?**

As que lles atribúan a normativa estatal e autonómica. Tanto a Lei de bases de réxime local como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, recóllenas.

 **34. Pode o Estado crear subvencións en materia de arquivos, museos e bibliotecas?**

Si, pero con limitacións. Segundo o TC (SSTC 13/1992 e 109/1996) *o Estado pode consignar subvencións nos seus orzamentos xerais, determinando de forma xenérica o seu destino e regulando as súas condicións esenciais de outorgamento ata onde o permita a competencia xenérica, básica ou de coordinación, pero sempre que lles deixe unha marxe ás comunidades autónomas para concretar con maior detalle a afectación ou destino ou, polo menos, para desenvolver e complementar a regulación das condicións de outorgamento das axudas e a súa tramitación.*

 **35. Pode o Estado xestionar subvencións en materia de arquivos, museos e bibliotecas?**

Non, salvo excepcións. Segundo o TC (SSTC 13/1992 e 109/1996), *a xestión das medidas de fomento a cargo de fondos estatais correspóndelles, en principio e por regra xeral, ás comunidades autónomas, sendo a excepción a súa xestión centralizada (STC 188/1989, fundamento xurídico 7). En consecuencia, estes fondos deben ser distribuídos entre elas segundo criterios obxectivos ou mediante convenios, aínda que caiba a súa xestión centralizada cando resulte imprescindible ao concorreren os criterios de excepción antes mencionados, xestión centralizada que en cada caso deberá aparecer razoablemente xustificada ou deducirse sen esforzo da natureza ou do contido da medida de fomento de que se trate.*

3

O DEREITO DE ACCESO E
CONSULTA NOS ARQUIVOS
PÚBLICOS *VERSUS* O
DEREITO DE ACCESO Á
INFORMACIÓN PÚBLICA

Prov^a Or^a
REYNO
DE
GALICIA
LIBRO

REAL, GENERAL, Y MA-
estro de los Legos Vecinos de la feligr.
de S. Pedro de Xurenças, desta Jurisdiccion
de Orcellón.

En el Lugar, y Coto de Villarino de Pe-
dro Lopez fr.^a de S. Mamed da Canda,
a ^{ve}nte dias del Mes de Mayo Año de Mil
setecientos, cinquenta, y tres: Su mrd el
Señ. D. Luis Antonio Mosquera y So-
moza Subdelegado de la Vnica y Real

Neste apartado analízase o exercicio do dereito de acceso e consulta nos arquivos públicos en contraposición ao dereito de acceso á información. Este último asóciase ás políticas públicas de transparencia e bo goberno que, na actualidade, contan cun marco legal propio, tanto estatal como autonómico.

Convén facer unha lectura paralela de ambos os dous dereitos para entender axeitadamente a súa relación e o contexto normativo no que se apoian.

LEY 1. O acceso á información pública é un dereito?

Si. A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no seu artigo 12, recoñece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública. No mesmo sentido, o artigo 13.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recoñece expresamente, dentro dos dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións públicas, o dereito de acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no resto do ordenamento xurídico.

LEY 2. Que normas regulan, con carácter xeral, o dereito de acceso á información pública?

LEI Actualmente, a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, constitúe a lei xeral reguladora do dereito de acceso á información pública a nivel estatal. No ámbito autonómico, debe terse en conta tamén a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

LEY 3. Quen é titular do dereito de acceso á información pública?

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, recoñece o dereito de acceso á información pública de todas as persoas (artigo 12). Polo tanto, para exercitar este dereito, non é necesario invocar un interese lexítimo nin motivar a solicitude, como sinala expresamente o artigo 17.3 daquela lei.

LEY 4. Que se entende por información pública?

LEI A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, recolle, no seu artigo 13, un concepto moi amplo de información pública que comprende os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no artigo 2.1 da lei (entes públicos en sentido amplo) e que foran elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

LEY 5. O dereito de acceso á información pública é ilimitado?

Non. O dereito de acceso á información pública está sometido a límites que responden ao necesario equilibrio entre a transparencia e a protección doutros bens e intereses, públicos ou privados.

En concreto, existen causas de inadmisión das solicitudes de acceso (previstas no artigo 18.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro) e límites propiamente ditos (regulados nos artigos 14 e 15 da mesma lei) que poden determinar a denegación do acceso. Tanto as causas de inadmisión como os límites son taxados e deben ser aplicados de maneira restritiva.

LEY

6. Os límites ao dereito de acceso á información pública son aplicables automaticamente?

Non. A aplicación dos límites previstos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, debe ser xustificada e proporcionada, con atención ás circunstancias do caso concreto.

É moi importante, polo tanto, que as resolucións de denegación do acceso pola aplicación dalgún ou dalgúns límites estean debidamente motivadas. Non abonda coa mera cita do precepto que recolle o límite nin tampouco coa referencia xenérica á existencia dun prexuízo. É necesario que na correspondente resolución denegatoria do acceso se razoe e xustifique que a estimación da petición de información supón un prexuízo concreto, definido e avaliable, e que tamén se exterioricen as razóns polas que se entende que a evitación do prexuízo, no caso concreto, debe prevalecer sobre o dereito de acceso (o que se coñece como "test do dano" e "test do interese público" no Criterio interpretativo conxunto do Consello de Transparencia e Bo Goberno e da Axencia Española de Protección de Datos 2/2015).

Ademais, a esixencia de proporcionalidade na aplicación dos límites determina que deba outorgarse un acceso parcial no caso de que o límite só afecte a unha parte da información, tras a omisión da información afectada polo límite (salvo que diso resulte unha información distorsionada ou carente de sentido) e indicando expresamente á persoa solicitante que parte da información foi omitida. Así se prevé no artigo 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

LEY

7. Pódese desestimar unha solicitude de acceso a información pública polo mero feito de que a información solicitada conteña datos de carácter persoal?

Non. No caso de que a información sobre a que verse a solicitude conteña datos de carácter persoal, debe aplicarse o artigo 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, que determina os pasos que cómpre seguir en función de se se trata ou non de categorías especiais de datos de carácter persoal. A denegación do acceso, de producirse, debe vir xustificada na aplicación do disposto no precepto.

LEY



8. Só se pode solicitar o acceso á información xerada ou elaborada desde a data de entrada en vigor da Lei 19/2013, do 9 de decembro?

Non. Non existe límite temporal en relación coa data de xeración ou elaboración da información. Polo tanto, o dereito de acceso pode estenderse á información pública elaborada ou adquirida antes ou despois da entrada en vigor da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Neste sentido pronunciouse expresamente o Tribunal Supremo na Sentenza 306/2020, do 3 de marzo.

LEY

9. Pódese inadmitir ou desestimar unha solicitude de acceso a información pública pola simple causa de que a persoa solicitante non acredite a existencia dun interese lexítimo ou que posúe unha determinada condición?

Non. O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, recoñece o dereito de acceso á información pública de todas as persoas e, de acordo co seu artigo 17.3, a persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información.

LEY 10. Que se debe facer cando a solicitude non identifica de forma suficiente a información?

Debe pedirse á persoa solicitante que o concrete nun prazo de dez días, con indicación de que, no caso de non facelo, se considerará que desiste (artigo 19.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro). Ademais, este trámite é causa da suspensión do prazo para resolver, e debe comunicárselle á persoa solicitante da dita suspensión.

LEY 11. Cal é a diferenza entre a inadmisión e a desestimación dunha solicitude de acceso á información pública?

A inadmisión dunha solicitude supón non entrar a analizar o fondo. Débese acordar só se concorre algunha das causas do artigo 18.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

No caso de que non concorra ningunha das causas de inadmisión, debe entrarse a analizar o fondo, isto é, debe determinarse se procede conceder ou denegar o acceso. A desestimación sería, así, a denegación, por motivos de fondo da solicitude (singularmente pola aplicación dos límites ao dereito de acceso legalmente previstos).

Cómpre ter en conta que tanto a resolución de inadmisión como a resolución de desestimación deben ser motivadas, é dicir, non abonda con citar só o precepto legal nin tampouco co emprego de expresións, xenéricas ou formularias, senón que debe recollerse na correspondente resolución unha aplicación xustificada e proporcionada en atención ás circunstancias concretas do caso.

LEY 12. Se a información solicitada está contida nun documento titulado “informe interno”, débese inadmitir a solicitude en todo caso?

Non. O artigo 18.1.b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, prevé a inadmisión de solicitudes referidas a información que teña carácter auxiliar ou de apoio, como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos. Agora ben, é o contido e non a denominación do documento o determinante para a aplicación desta causa de inadmisión (Criterio interpretativo 6/2015 do Consello de Transparencia e Bo Goberno). Polo tanto, haberá que analizar o contido dese “informe interno” para determinar, con independencia da súa denominación, se a información que contén é meramente auxiliar ou de apoio. Así, por exemplo, non terá ese carácter de tratarse dun informe preceptivo ou dun informe que serve de motivación á decisión final.

LEY 13. Se a subministración da información solicitada require dunha mera operación de suma de datos, pode inadmitirse a solicitude por entender que é necesaria unha acción previa de reelaboración?

Non. O artigo 18.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, prevé a inadmisión de solicitudes relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración. Agora ben, a mera suma de datos non supón unha reelaboración para os efectos da aplicación destas causa de inadmisión. A reelaboración como causa de inadmisión require que, para subministrar a información solicitada, se xustifique que é imprescindible unha tarefa consistente en “volver elaborar” a información a partir dunha información pública dispersa e diseminada, mediante un labor consistente en recadar, primeiro, ordenar e separar, despois, e finalmente proporcionar a información. Neste

sentido pronúnciase o Consello de Transparencia e Bo Goberno (Criterio interpretativo 7/2015) e o Tribunal Supremo (Sentenza 306/2020, do 3 de marzo).

LEY 14. Se unha solicitude de información pública se dirixe a un órgano no que non conste a información solicitada, debe ese órgano inadmitir a solicitude?



No caso indicado, debe diferenciarse segundo o órgano ao que se dirixe a solicitude, coñeza ou non cal é o órgano competente para resolver sobre a solicitude. Así:

- a) Se coñece o órgano competente, debe admitir a solicitude e remitila a este, indicándollo á persoa solicitante (artigo 19.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro). Tamén debe remitir a solicitude se é outro órgano o que elaborou ou xerou na súa integridade ou nunha parte principal a información solicitada (artigo 19.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro).
- b) Se descoñece o órgano competente, debe inadmitir a solicitude (artigo 18.1.d) da Lei 19/2013, do 9 de decembro), pero indicando na resolución de inadmisión o órgano que cre que poida ser o competente para coñecer a solicitude. O Tribunal Supremo sinalou que neste caso abonda con aventurar unha conclusión lóxica sobre que órgano sexa o competente (Sentenza 306/2020, do 3 de marzo).

LEY 15. En que casos pode inadmitirse unha solicitude de acceso a información pública por ser repetitiva?



O artigo 18.1.e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, prevé que se inadmitan as solicitudes de acceso que sexan "manifestamente repetitivas". Esíxese, pois, que o carácter repetitivo conste de maneira patente e clara e así se xustifique na resolución de inadmisión. Por exemplo, cando de forma clara e evidente a solicitude coincida con outra ou outras presentadas pola mesma persoa ou persoas que fosen desestimadas ou inadmitidas por resolución firme ou coincida de maneira clara e manifesta con outras solicitudes formuladas pola mesma persoa á que xa lle fose subministrada a información sen modificación ulterior sobre os datos ofrecidos. Non cabería, en cambio, aplicar esta causa de inadmisión no caso de varias solicitudes cun texto idéntico pero que proceden de diferentes persoas (neste sentido, Criterio interpretativo do Consello de Transparencia e Bo Goberno 3/2016).

LEY 16. É necesario dar algún trámite de audiencia antes de resolver a solicitude de acceso?



Se a información solicitada pode afectar dereitos ou intereses de terceiras persoas, debidamente identificadas, débeseles outorgar un prazo de quince días para que poidan realizar as alegacións que estimen oportunas (artigo 19.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro).

LEY 17. Cal é o prazo para resolver sobre unha solicitude de acceso á información pública?



Un mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver (artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro). Este prazo pódese ampliar por outro mes, pero para iso cómpre: i) que se xustifique debidamente que no caso concreto é necesaria a ampliación debido ao volume ou á complexidade da información solicitada, e ii) que se notifique a ampliación do prazo á persoa solicitante antes de que venza o prazo inicial dun

mes (neste sentido, Criterio interpretativo do Consello de Transparencia e Bo Goberno 5/2015).

LEY 18. Que ocorre se non se resolve sobre a solicitude de acceso en prazo?

Se non se dita e se notifica a resolución en prazo (polo tanto, a notificación tamén debe realizarse dentro do prazo dun mes), a solicitude de acceso entenderase desestimada (artigo 20.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro).

LEY 19. Se a información solicitada xa foi publicada no portal correspondente de transparencia, é necesario resolver unha solicitude de acceso á dita información?

Si. O feito de que a información solicitada fose obxecto de publicidade activa non exime da obriga de dar unha resposta concreta á solicitude de acceso. O que permite o artigo 22.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, nestes casos é que a resolución poida limitarse a indicar á persoa solicitante como pode acceder á información. Polo tanto, non abonda con indicar que a información foi publicada, senón que debe especificarse o lugar ou medio de publicación (cunha remisión, ademais, que non pode ser xenérica, senón o suficientemente concreta para permitir que a persoa solicitante poida acceder de maneira rápida e directa á información, sen necesidade de sucesivas buscas). Neste sentido pronúnciase o Criterio interpretativo do Consello de Transparencia e Bo Goberno 9/2015.

LEY 20. As resolucións sobre solicitudes de acceso a información pública son impugnables?

Si. Conforme o artigo 23 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, contra as resolucións sobre solicitudes de acceso á información pública cabe recurso contencioso-administrativo directo ou a reclamación, potestativa e previa ao recurso contencioso-administrativo, regulada no artigo 24 da dita lei. Non obstante, contra as resolucións ditadas polos órganos previstos no artigo 2.1.f) da lei só cabe a interposición do recurso contencioso-administrativo.

LEY 21. Quen é o órgano competente para coñecer das reclamacións previas e potestativas contra as resolucións en materia de acceso á información pública ditadas pola Administración autonómica galega e as entidades locais galegas.



A Comisión de Transparencia, que é un órgano colexiado independente, conforme o artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

LEY 22. Logo da entrada en vigor da Lei 19/2013, do 9 de decembro, como se aplican as normas sectoriais reguladoras do acceso a un determinado tipo de información pública?

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, contén a regulación xeral do dereito de acceso á información pública, pero non derogou a normativa sectorial que recolla unha regulación específica do acceso a un determinado tipo de información.

A esta regulación sectorial refírese á disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, que, no seu número 2, dispón:

2. Rexeranse pola súa normativa específica, e por esta lei con carácter supletorio, aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información.

LEY 23. Cando se entende que unha norma prevé un réxime xurídico específico de acceso para os efectos da aplicación da disposición adicional primeira, 2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro?



De acordo coa doutrina do Tribunal Supremo (recollida en sentenzas como a 748/2020, do 11 de xuño; 1565/2020, do 19 de novembro; 257/2021, do 24 de febreiro; ou 314/2021, do 8 de marzo), o número 2 da disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, aplícase en dous casos:

- a) Normas que recollan, para un determinado sector do ordenamento xurídico, unha regulación completa, global e sistemática do dereito de acceso.
- b) Normas que recollan unha regulación sectorial de determinados aspectos relevantes do dereito de acceso á información, como, por exemplo, os límites, aínda que non inclúan un tratamento global e sistemático do dereito.

Nestes dous casos, aplicarase con carácter preferente a normativa sectorial e, de modo supletorio, a Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Un exemplo da aplicación supletoria da Lei 19/2013, do 9 de decembro, no caso de existencia de normativa sectorial específica, recóllese na STS 312/2022, do 10 de marzo, que prevé a aplicación supletoria da reclamación previa e potestativa do artigo 24 daquela lei.

LEY 24. Como se aplica a Lei 19/2013, do 9 de decembro, ao acceso á información que obre nos centros culturais?



En relación coa aplicación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, ao acceso á información existente nos centros culturais, é necesario diferenciar a información de que se trata de modo que:

- a) Se o acceso á dita información se rexe por unha normativa específica, terá que aplicarse primeiro esa regulación e supletoriamente a Lei 19/2013, do 9 de decembro.
- b) Se o acceso non se regula por normativa sectorial, aplicarase directamente a Lei 19/2013, do 9 de decembro.

LEY 25. A consulta de fondos de arquivos integrantes do Sistema de Arquivos de Galicia réxese pola Lei 19/2013, do 9 de decembro?



O número 2 da disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, prevé a aplicación preferente da normativa sectorial que conteña un réxime xurídico específico de acceso á información, aplicándose neses casos a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de modo supletorio.

En relación coa consulta de documentos integrantes do patrimonio documental que consten en arquivos centrais ou intermedios e históricos, ha de terse en conta a existencia dun réxime específico, de aplicación preferente, contido no artigo 57 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (así o estima o Consello de Transparencia e Bo Goberno no Criterio interpretativo 8/2015 e en resolucións como a 445/2022, 940/2024, 942/2024, 1217/2024, 1573/2024 ou 1623/2024).

Tamén cabe entender que constitúe un réxime específico de aplicación preferente o réxime de consulta de fondos de arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia contido nos artigos 23 e 24 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. Nestes casos, aplicarase primeiro o réxime específico e, supletoriamente, a Lei 19/2013, do 9 de decembro.

LEY 26. Como se debe actuar ante unha solicitude de acceso a unha información que conste nos arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia?

LEI

Conforme o indicado antes, é importante realizar un labor inicial de cualificación da solicitude, isto é, debe verificarse a que información se refire para, en función diso, determinar o réxime xurídico aplicable ao acceso.

Por exemplo: unha solicitude de información sobre o número de documentos recibidos nun determinado ano nun arquivo non supón unha solicitude de consulta de documentos, senón de acceso á información pública da Lei 19/2013, do 9 de decembro, polo que será aplicable directamente esta lei.

En cambio, se a solicitude é para consultar un documento concreto integrante do patrimonio documental nun arquivo histórico do Sistema de Arquivos de Galicia, estaremos ante unha consulta do artigo 57 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e dos artigos 23 e 24 da Lei 7/2014, do 26 de setembro de 2014, de arquivos e documentos de Galicia. Polo tanto, este réxime específico aplicarase de xeito preferente e a Lei 19/2013, do 9 de decembro, só de modo supletorio.

LEY 27. Se se formula unha solicitude de acceso a unha determinada información ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e non ao abeiro do réxime específico sectorial aplicable, pódese inadmitir a dita solicitude?

LEY

CTE

En rigor, ese suposto non sería subsumible en ningunha das causas taxadas de inadmisión do artigo 18.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, polo que non procedería inadmitir a solicitude. E tampouco debería desestimarse de plano.

Caberían dúas posibilidades: ben resolver directamente sobre a solicitude aplicando o réxime específico sectorial aplicable, ou ben (por exemplo, se existen formularios normalizados de uso obrigatorio que non empregou a persoa solicitante) procedería desestimar a solicitude formulada, ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, pero indicando expresamente na propia resolución a vía específica e correcta que se debe utilizar, de xeito que esta poida ser coñecida pola persoa solicitante. Neste sentido pronúnciase a Comisión de Transparencia e Bo Goberno nas resolucións 445/2022 ou 1573/2024).

LEY 28. O acceso á documentación integrante dun procedemento administrativo réxese pola normativa reguladora do acceso á información pública?

LEY

Non. A Lei 19/2013, do 9 de decembro, prevé expresamente, no número 1 da disposición adicional primeira, que: *A normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesados nun procedemento administrativo no curso dos documentos que se integren no mesmo.*

Tampouco se aplica ao acceso á documentación integrante de procedementos en curso o réxime específico de consulta contido no artigo 57 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e nos artigos 23 e 24 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. Tanto o artigo 57 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, como o artigo 23 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, refírense a documentos de procedementos terminados.

LEY 29. Cales son as características principais do réxime específico de consulta de documentos que constan en arquivos contido no artigo 57 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, e nos artigos 23 e 24 da Lei 7/2014, do 26 de setembro?

A característica principal do réxime específico de consulta de documentos existentes en arquivos contido no artigo 57 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, e nos artigos 23 e 24 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, é que (igual que ocorre coa regulación xeral do dereito de acceso á información pública contida na Lei 19/2013, do 9 de decembro) a regra xeral é o acceso libre de todas as persoas, coas únicas limitacións establecidas especificamente naqueles preceptos legais e noutras leis que poidan resultar aplicables en función da información a que se refira o documento de que se trate.


LEY 30. O dereito de consulta de documentos que constan en arquivos do Sistema de arquivos de Galicia inclúe o dereito a obter copia dos documentos?

O artigo 24 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, dispón expresamente que o exercicio do dereito de acceso leva consigo o de obter copias e certificacións dos documentos, ben que non é un dereito ilimitado. O mesmo precepto considera a posibilidade de establecer limitacións relacionadas coa salvagarda da debida conservación do documento, con peticións desproporcionadas ou que impidan o normal funcionamento do servizo e co respecto aos dereitos de propiedade intelectual.

Ademais, mentres que a consulta directa dos documentos, así como a utilización dos instrumentos de consulta que a facilitasen, son gratuítas, a obtención de copias ou certificacións dos documentos está sometida ao aboamento das taxas ou prezos públicos establecidos.

4

ASPECTOS DE INTERESE EN MATERIA DE PROPIEDAD INTELECTUAL



O melia lē eius de beati pp
LECTIO SEJ EUG FRATR ES

solicite nos considerate an
monet. nenof plus ceteris in hoc
mundo accepisse aliquid certum
ab auctore mundi. grauu inde
iudicem. Cumerum augemur
donationes. ita crescum donoy.
Tanto ergo esse humilior quisq. de
bit ex munere quantū se obli
gationem esse conspuit in reddē
dationem. Ecce homo qui pe
gre pficiens
seruos uocat atq.
ad negotiu talenta paratur. Post multu
uero temporis postatur rationem reuer
titur. Bene opantes. p ad portato luero
renunciat. Seruos uo ab uino ope torpente
dapiunt. Quis itaq. iste homo ē. qui pe
gre pficiatur. Nisi redēptor nō quinea
carne quam ad sup sepe abire uoluit.
Carnis enim locus pprius terra ē. que si
peregrina ducatur. dum redēptorem
nōm in uico collocaur. Sed homo iste pe
regre pficiens. seruis suis bonafia tra
didit. Quia fidelib. nō spalia dona con
cessit. Et unquidem quinq. talenta dedit
aliduo. aliuo commisit unum. quinq.
et emiserunt corporis sensus uide licet.
Uisus uidetur. gustus. odoratus. et tact.
Quinq. igitur talentis donum. quina
sensuū. id est exteriorē scientiam expri
mitur. Duob. uo intellectus. et operatio
designatur. Unius autem talenti. oī in
tellectus tantū modo designatur. Sed
his quinq. talenta accepit. alia quinq.
lucratu ē. Quia sunt nonnulli. que
si in terra ac mistica penetrare nesciunt.
P intentione tam sup ne patre do
cent ita quos possunt de pns exte
rius. que accepserint. dum que se ac
nis periclitant. ac terrenū rerum abitu

atq. ausibilibum. uoluptate castridius
abbis etiam aliof ammonendo compes
cunt. Et sunt nonnulli qui quasi duob.
talentis dicitu intellectum atq. operatio
nem percipiunt subtilia. de interioris intel
legunt inra in exteriorib. opantur. Cuiq.
et intellegendo. et opando alius p dicitur
quasi duplicatū de negotio. lucrum re
portant. Bene autē alia quinq. uel alia
duo. in lucru uenisse referuntur quia
dū utraq. sexus pre dicitio in penditur
quasi accepta talenta gemmantur. Sed
is qui unū talentum accepit. abierit
fodit in terram. et abscondit pecuniam
dñi sui. Talentū quippe in terra abscon
dere ē. acceptum ingenium. et terrenis
actib. implicare lucrum spāle non que
rere. coarctatis cogitationib. in quā le
uare. Sane nūq. nonnulli. quod uerum
intelligentiā p operum sedem. et
carnis sapunt. De quib. p. pp. baduē
sapientes sunt. ita faciunt mala. Bene autē
nesciunt facere. Sed dñi quia talenta con
tulit rationem postatur redire. quibus
quinq. pie spalia donat tribuit. ad stricto
iudicio merita exquirat. Quis itaq.
accepit considerat. et quod lucru de accep
tis reportat. pensat seruis qui gemmata
talenta retulit. ad nō laudatur. atq. ad
sternā remunerationē p ducitur. Cū
dñi uoce ducatur. Euge serue bone
et fidelis. qui sup pauca fusti fidelis
sup multatē con struam. inra in gau
diū dñi tu. Pauca quippe sunt bona
omīa presentia uite quamlibet multa
uidentur. Sed tunc fidelis seruis
supra multa constituitur. quando de
uicta omīa corruptionis molestia de
carnis gaudis in illa celesti sede gōt.
Tunc ad dñi sui gaudium pfecte in
trome tatur. quando in eterna illa
patria adsumptu ē. atq. angelorum

[Século XI]
Folla de homiliario cunha letra capital policromada con motivos vexetais, utilizada como encadernación dun protocolo de escribán do século XVI.
AHPPontevedra. Colección de códices e incunables. Pl.3, c.1, cp.1 (1)
<http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?id=1518795>

No marco da actividade desenvolvida polos arquivos públicos prodúcese ás veces certa tensión entre os dereitos de propiedade intelectual e a actividade que aqueles desenvolven.

Do mesmo xeito, podemos falar de certa tensión entre os dereitos de propiedade intelectual e o dereito de acceso á cultura regulado no artigo 44 da Constitución española.

Os diferentes operadores que interveñen no ámbito cultural, os avances tecnolóxicos ou a dixitalización, son algúns dos factores que se combinan e que convén analizar desde unha perspectiva plural (persoas propietarias, autoras, descubridoras, divulgadoras ...) para interpretar axeitadamente o alcance e os límites da actividade do persoal técnico que atende o servizo público de acceso documental nos arquivos.



1. Que é o dereito de autor?

É o conxunto de dereitos de carácter persoal e patrimonial, que lle atribúen ao autor a plena disposición e o dereito exclusivo á explotación da súa obra, sen máis limitacións que as establecidas na lei.



2. Onde está regulado o dereito de autor?

A principal norma que regula o dereito de autor é o Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia (en diante LPI).

3. Que características ten que ter unha obra para estar protexida polos dereitos de autor?

- Ten que ser unha obra literaria, artística ou científica.
- Ten que ser orixinal.
- Ten que ser unha creación intelectual.
- Ten que ter un soporte tanxible ou intanxible.

4. Cando a obra ten un soporte tanxible, hai dous obxectos?

Sí, por un lado está a obra sobre a que recae a propiedade intelectual e por outro o soporte tanxible, sobre a que recae a propiedade ordinaria.

5. Cando a obra ten un soporte tanxible, hai dous suxeitos?

Se o autor non transmite o soporte tanxible, coincidirán autor e propietario, pero se transmite o soporte tanxible, haberá dous suxeitos, o autor da obra e o propietario do soporte tanxible.

6. O adquirente do soporte tanxible da obra adquire tamén os dereitos de autor?

En principio, o adquirente da propiedade do soporte non adquire ningún dereito de autor sobre a obra.

Nos supostos de obras de artes plásticas ou dunha obra fotográfica, o propietario do soporte terá o dereito de exposición pública da obra.

O dereito de exposición pública pode ser limitado polo autor no documento de alleamento.

LEY 7. Que contido ten o dereito de autor?

O dereito de autor ten un dobre contido. Por un lado, un contido patrimonial relativo á explotación da obra e por outro lado, un contido moral reflectido no artigo 14 da LPI.

8. Cal é o contido patrimonial do dereito de autor?

O autor ten a exclusividade da explotación da súa obra, o cal abarca o dereito de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación.

9. Canto duran os dereitos patrimoniais do autor?

Duran toda a vida do autor e setenta anos máis desde o falecemento ou declaración de falecemento. Este prazo computarase desde o 1 de xaneiro do ano seguinte ao de falecemento ou declaración de falecemento.

10. Pódense transmitir os dereitos patrimoniais?

Si, pódense transmitir *mortis causa*, tras o falecemento do autor, ou pódense transmitir *inter vivos*.

LEY 11. Canto dura a cesión dos dereitos patrimoniais?

Na transmisión *inter vivos* debe quedar perfectamente definido o período de duración da transmisión, así como o contido desta.

En defecto de prazo, establécese un prazo de cinco anos de duración da cesión, de conformidade co artigo 43.2 da LPI.

Na transmisión *mortis causa*, a cesión durará, en principio, ata o esgotamento do período de protección.

LEY 12. Están limitados os dereitos patrimoniais?

O autor ten a exclusividade da explotación da súa obra, de maneira que calquera uso que afecte a explotación da obra debe estar autorizado polo autor. Con todo, existen determinados supostos nos que a LPI permite realizar algún acto de explotación sen necesidade de autorización por parte do autor. Neste caso, a autorización é outorgada pola lei. Estas autorizacións legais son os denominados límites aos dereitos patrimoniais do autor.

LEY 13. Onde se regulan eses límites?

LAW Actualmente os límites están recollidos nos artigos 31 a 40 LPI e nos artigos 67 a 70 do Real decreto lei 24/2021, do 2 de novembro, de transposición de directivas da Unión Europea nas materias de bonos garantidos, distribución transfronteiriza de organismos de investimento colectivo, datos abertos e reutilización da información do sector público, exercicio de dereitos de autor e dereitos afíns aplicables a determinadas transmisións en liña e as retransmisións de programas de radio e televisión, exencións temporais a determinadas importacións e subministracións de persoas consumidoras e para a promoción de vehículos de transporte por estrada limpos e enerxeticamente eficientes.

14. Que implican os límites?

Os límites permiten realizar a terceiras persoas algún acto de explotación dunha obra protexida, sen necesidade de obter previamente a autorización do autor. Unhas veces

os límites establecidos supoñen unha compensación económica a favor do autor, pero outras veces non prevén ningunha compensación económica a favor do seu autor.

15. Que é unha obra de dominio público?

É aquela cuxos dereitos de explotación se extinguiron polo paso do tempo de protección. Pásase dunha obra protexida a unha obra sen protección.

16. Quen pode utilizar unha obra de dominio público?

As obras de dominio público poderán ser utilizadas por calquera, pero sempre respectando a súa autoría e integridade.

17. Cal é o contido moral do dereito de autor?

O contido do dereito moral de autor comprende:

- O dereito de integridade da obra.
- O dereito de paternidade da obra.
- O dereito a divulgar ou non a obra e en que forma.
- O dereito a facer a divulgación co seu nome, baixo pseudónimo ou signo, ou anonimamente.
- O dereito a modificar a obra.
- O dereito a retirar a obra do comercio, por cambio das súas conviccións intelectuais ou morais.
- O dereito de acceso a exemplar único ou raro da obra.

18. Canto duran os dereitos morais do autor?

Os dereitos morais duran toda a vida do autor, é dicir, extínguense co seu falecemento. Con todo, os dereitos de integridade e paternidade son inherentes á obra, de xeito que sempre a acompañan, aínda despois do falecemento do seu autor. O dereito a divulgar a obra, se non foi exercitado en vida do autor, transmítese *mortis causa* e dura 70 anos desde o seu falecemento.

19. Quen sucede ao autor nos dereitos de integridade e paternidade?

En primeiro lugar, o herdeiro de confianza, é dicir, a persoa designada expresamente por disposición de última vontade. No seu defecto, os seus herdeiros. En defecto dos anteriores, o Estado, as comunidades autónomas, as corporacións locais e as institucións públicas de carácter cultural.

20. En que consiste o dereito de reprodución?

De conformidade co artigo 18 da LPI, *Enténdese por reprodución a fixación directa ou indirecta, provisional ou permanente, por calquera medio e en calquera forma, de toda a obra ou de parte dela, que permita a súa comunicación ou a obtención de copias.*

Reproducir pode entenderse como sinónimo de copiar.

Inclúe copia física, dixital e escaneamento.

En consecuencia, os actos de reprodución deber ser autorizados polo autor.

LEY 21. Existe algún límite do dereito de reprodución a favor dos museos, arquivos e bibliotecas?

Si, o límite establecido no artigo 37.1 da LPI e o límite establecido no artigo 69 do Real decreto lei 24/2021, que permite facer reproducións con fins de investigación ou conservación.

Estes límites supoñen que non se require autorización do autor para actos de reprodución por parte dos museos, bibliotecas e arquivos con finalidade investigadora ou de conservación.

22. Están os museos, arquivos e bibliotecas autorizados a dixitalizar as obras que teñan nas súas dependencias?

Si, ao abeiro dos límites citados, pois a dixitalización é un acto de reprodución.

Sempre debe realizarse respectando a finalidade conservadora ou investigadora.

LEY 23. Están autorizados os museos, arquivos e bibliotecas a difundir as obras previamente dixitalizadas ao amparo do artigo 37.1 da LPI?

Non, pois a autorización para dixitalizar é un acto de reprodución, e a difusión da dixitalización supoñería un acto de comunicación pública non amparado na autorización para reproducir. Só nos casos de contar con autorización para facer actos de comunicación pública poderán difundirse as obras previamente dixitalizadas.

O feito de ter unha obra dixitalizada con autorización legal non implica autorización para realizar actos que afecten outros dereitos de autor diferentes do dereito de reprodución.

LEY 24. Están autorizados os centros culturais a permitir visitas virtuais das obras previamente dixitalizadas ao amparo do artigo 37.1 da LPI?

Non, pois a visita virtual é un acto de comunicación pública non amparado pola autorización contida no artigo 37.1 da LPI.

So poderá facerse a visita virtual cando se teña autorización para facer actos de comunicación previa.

LEY 25. Están autorizados os museos, arquivos e bibliotecas a usar as obras previamente dixitalizadas para facer *merchandising*?

Non, pois os actos de *merchandising* exceden dun mero acto de reprodución, que é o único acto amparado pola autorización contida no artigo 37.1 da LPI.

O feito de ter unha obra dixitalizada con autorización legal non implica autorización para realizar actos que afecten outros dereitos de autor diferentes do dereito de reprodución.

LEY 26. Están autorizados os museos, arquivos e bibliotecas a usar as obras previamente dixitalizadas para facer catálogos?

Non, pois os actos que implican a realización dun catálogo exceden un mero acto de reprodución, que é o único acto amparado pola autorización contida no artigo 37.1 da LPI.

O feito de ter unha obra dixitalizada con autorización legal non implica autorización para realizar actos que afecten outros dereitos de autor diferentes do dereito de reprodución.

LEY 27. O dereito de exposición pública implica o dereito a permitir visitas virtuais?

Non, pois a LPI entende que son actos de comunicación pública diferentes cando no artigo 20 da LPI cita exemplos de actos que afecten o dereito de comunicación e diferencia a exposición pública de obras de arte ou as súas reproducións da posta á disposición do público de obras, por procedementos con fíos ou sen fíos, de tal forma que calquera persoa poida acceder a elas desde o lugar e o momento que elixa.

LEY 28. En que consiste o dereito de distribución?

De conformidade co artigo 19 LPI, *Entendese por distribución a posta á disposición do público do orixinal ou das copias da obra, nun soporte tanxible, mediante a súa venda, alugueiro, préstamo ou de calquera outra forma.*

Os actos de distribución deber ser autorizados polo autor.

LEY 29. Existe algún límite do dereito de distribución a favor dos museos, arquivos e bibliotecas?

Si, pois o artigo 37.2 da LPI establece que os museos, arquivos e bibliotecas de titularidade pública ou que pertencen a entidades de interese xeral de carácter cultural, científico ou educativo sen ánimo de lucro, ou a institucións docentes integradas no sistema educativo español, non precisarán autorización dos autores polos préstamos que realicen.

LEY 30. É o préstamo un uso que afecta os dereitos patrimoniais do autor?

Si, pois o préstamo é considerado un acto de distribución, de conformidade co establecido no artigo 19.4 da LPI.

LEY 31. En que consiste o dereito de comunicación pública?

De conformidade co artigo 20 da LPI, *Entenderase por comunicación pública todo acto polo cal unha pluralidade de persoas poida ter acceso á obra sen a distribución previa de exemplares a cada unha delas.*

Quedan excluídas as comunicacións de ámbito doméstico.

Exemplos típicos son a proxección dunha película nun cine, a representación dunha obra de teatro e as exposicións públicas de obras de arte.

Os actos de comunicación previa deben ser autorizados polo autor. O feito de ter autorización para reproducir e distribuír unha obra non implica o dereito de comunicación pública.

LEY 32. Existe algún límite do dereito de comunicación a favor dos museos, arquivos e bibliotecas?

Si, o establecido no artigo 37.3 da LPI, que establece que non *necesitará autorización a comunicación ou posta á disposición de persoas concretas do público con finalidade investigadora cando se realice mediante rede cerrada e interna a través de terminais especializados instalados no interior dos museos, bibliotecas e arquivos respecto de obras das súas coleccións e non sexan obxecto de condicións de adquisición ou de licenza.*

LEY 33. Os actos de reprodución, distribución e comunicación pública feitos polos museos, arquivos e bibliotecas ao amparo da autorización do artigo 37 da LPI dan dereito a unha compensación económica a favor do autor?

Os actos de reprodución amparados polo artigo 37.1 da LPI non dan dereito a compensación económica a favor do autor.

Os préstamos si dan dereito a compensación económica a favor do autor, pois, aínda que non precisen autorización do autor, os préstamos serán remunerados, salvo os realizados polos establecementos de titularidade pública en concellos de menos de 5.000 habitantes e as bibliotecas das institucións docentes integradas no sistema educativo español.

Os actos de comunicación pública realizados ao amparo do artigo 37.3 si darán dereito a compensación económica a favor do autor.

LEY 34. En que consiste o dereito de transformación?



De conformidade co artigo 21 da LPI, *A transformación dunha obra comprende a súa tradución, adaptación e calquera outra modificación na súa forma da que se derive unha obra diferente.*

En consecuencia, os actos de transformación deben ser autorizados polo autor.

A obra resultante tras a transformación é unha obra derivada.

LEY 35. Que é unha obra derivada?



Unha obra derivada é o resultado da transformación dunha obra literaria, artística ou científica.

O artigo 11 da LPI cita expresamente as traducións e adaptacións; as revisións, actualizacións e anotacións; os compendios, resumos e extractos; e os arranxos musicais.

Nas obras transformadas, o resultado da transformación dá lugar a unha obra nova cuxo autor será quen faga a transformación, pero deberá contar previamente coa autorización do autor da obra que vai ser transformada, pois segue mantendo os dereitos sobre a obra preexistente.

LEY 36. Que é unha obra orfa?



Unha obra orfa é aquela cuxo autor non é coñecido ou non é localizable.

37. Cando deixa de ser orfa unha obra?:

Unha obra deixa de ser orfa cando aparece o seu titular e solicite a fin de tal condición. Poderá solicitar tamén unha compensación equitativa pola utilización levada a cabo.

LEY 38. Poden os museos, bibliotecas e arquivos utilizar as obras orfas?

Si, estarán autorizados a realizar actos de reprodución con fins de dixitalización, posta á disposición do público, indexación, catalogación, conservación ou restauración e actos de posta á disposición do público na forma establecida no artigo 20.2.i) da LPI.

Estes actos autorizados deben levarse a cabo sen ánimo de lucro e con finalidade de conservación e restauración, e facilitar o seu acceso con fins culturais e educativos.

Esta autorización está limitada a obras cinematográficas ou audiovisuais, fonogramas e obras publicadas en forma de libros, periódicos, revistas ou outro material impreso que formen parte das coleccións de centros educativos, museos, bibliotecas, hemerotecas accesibles ao público, arquivos, fonotecas e filmotecas e obras cinematográficas ou audiovisuais e fonogramas producidos por organismos públicos de radiodifusión ata o 31 de decembro de 2002 inclusive, e estean nos seus arquivos.

39. Que é unha obra fóra do circuío comercial?

É unha obra que non se atopa dispoñible no mercado, é dicir, non está á disposición do público a través das canles comerciais habituais.

Exemplos típicos son as obras descatalogadas.

40. Poden os museos, bibliotecas e arquivos utilizar as obras fóra do circuío comercial?

Si, poden utilizalas a través dunha autorización non exclusiva outorgada polas entidades de xestión colectiva suficientemente representativa dos titulares de dereitos e que permite a reprodución, distribución e comunicación pública e sen finalidade comercial.

En ausencia dunha entidade de xestión colectiva suficientemente representativa, non será necesaria autorización para proceder con fins non comerciais á reprodución, distribución, comunicación pública destas obras.

As obras deben atoparse nas coleccións permanentes do museo, biblioteca ou arquivo.

41. Que é unha obra composta?

A obra composta é unha obra nova que incorpora unha obra preexistente sen a colaboración do autor desta última, sen prexuízo dos dereitos que lle correspondan e da súa necesaria autorización.

Un exemplo claro é unha canción cuxa letra é un poema e require autorización do autor do poema.

Neste caso, hai dúas obras: a resultante da incorporación e a incorporada. A obra incorporada pode ser explotada independentemente polo seu autor.

42. Que é unha obra en colaboración?


Unha obra en colaboración é o resultado unitario da colaboración de varios autores.

Un exemplo claro é un libro de texto en que cada capítulo ten un autor diferente.

Os dereitos correspóndenlles a todos os autores; polo tanto, calquera acto de reprodución, distribución e comunicación pública require o consentimento de todos os autores.

Cada autor pode explotar individualmente a súa parte, salvo prexuízo da obra en colaboración.

LEY 43. Que é unha obra colectiva?

 De conformidade co artigo 8 da LPI, *É a creada pola iniciativa e baixo a coordinación dunha persoa natural ou xurídica que a edita e divulga baixo o seu nome e está constituída pola reunión de achegas de diferentes autores cuxa contribución persoal se funde nunha creación única e autónoma, para a cal foi concibida sen que sexa posible atribuír separadamente a calquera deles un dereito sobre o conxunto da obra realizada.*

Salvo pacto en contrario, os dereitos sobre a obra colectiva corresponderán á persoa que a edite e divulgue baixo o seu nome.

O exemplo máis característico de obra colectiva é o periódico.



44. Que son as entidades de xestión colectiva?

Son entidades sen ánimo de lucro que xestionan os dereitos de explotación por conta e en interese de varios autores. En España existen de autores, de artistas intérpretes ou executantes e de produtores.



45. Que son os operadores de xestión independente?

Son entidades legalmente constituídas autorizadas a xestionar dereitos de autor polo seu titular en virtude da sinatura dun contrato co titular dos dereitos. A diferenza das entidades de xestión colectiva, os operadores de xestión independente actúan con ánimo de lucro.

5

USO E REPRODUCCIÓN DE OBRAS



[Ca. 1910-1920]

Fotografía dunha muller lendo o xornal nun xardín.

ARG. Colección fotográfica. 5417

<http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?id=421694>

No exercicio da súa actividade, os arquivos fan uso de fondos que teñen a consideración de obras culturais. Este uso pode ser problemático en relación con actividades de investigación, de difusión e tamén solicitudes de acceso que levan consigo unha necesidade de reproducir os seus contidos. Coñecer as limitacións, as excepcións e os posibles conflitos que poden xurdir da confluencia e mesmo da colisión de dereitos permite unha xestión do dereito de acceso máis segura, máis eficiente e máis satisfactoria para todos os axentes que interveñen na relación do servizo prestado polo persoal dos centros.

1. Quen é o autor dunha obra?

A persoa física que a crea é considerada autora dunha obra.

Os autores son sempre as persoas físicas, pero nalgúns casos tamén a protección legal outorgada aos autores pode estenderse ás persoas xurídicas (ex. obras pseudónimas/editorial que as publica; obras colectivas/periódico).

Arts. 5 e 8 do Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

2. O autor dunha obra é sempre o titular/propietario dos dereitos de propiedade intelectual?

Non necesariamente. O autor dunha obra sempre mantén os dereitos morais sobre ela, pero pode ter cedido os dereitos de explotación a terceiros, que se converterán nos titulares destes dereitos.

Art. 14 LPI.

Arts. 17 e ss. LPI.

3. Que é o símbolo de *copyright*? ©

Este símbolo, acompañado do nome do autor ou titular e do ano de creación ou publicación, serve como aviso legal para informar a terceiros de que a obra está protexida por dereitos de autor.

4. É obrigatorio usalo en España?

Non. O uso do símbolo non é obrigatorio en España nin na Unión Europea. Con todo, é recomendable porque:

- Informa a terceiros de que os dereitos están reservados.
- Pode facilitar a defensa legal da obra se alguén a utiliza sen permiso.
- É especialmente útil para publicar a obra noutros países, como os Estados Unidos, onde o símbolo pode ter efectos legais máis directos.

5. Como se pode inserir o símbolo ©?

- En Windows: preme Alt + 0169 (no teclado numérico).
- En Mac: preme Option + G.
- En móbil ou tableta: normalmente está dispoñible no teclado de símbolos, ou simplemente copiar este: ©.

6. É preciso facer algún trámite para obter o *copyright* en España?

Non. En España (e en case todos os países que forman parte do Convenio de Berna) non é necesario rexistrar a obra para ter dereitos de autor. Estes nacen automaticamente no momento en que se crea unha obra orixinal e se fixa nun soporte (papel, dixital, sonoro, etcétera).

7. E se quero rexistrar a miña obra oficialmente?

Aínda que non é obrigatorio, podes rexistrar a túa obra para ter unha proba legal da autoría e da data. En España podes facelo en:

- Rexistro da Propiedade Intelectual (xestionado polo Ministerio de Cultura): <https://www.culturaydeporte.gob.es>

Tamén existen outras opcións válidas, como:

- Depósito notarial.
- Rexistros privados (como *Safe Creative*).
- *Blockchain* ou correo certificado (válidos como proba, pero non substitúen o rexistro oficial).

8. Os traballos que non teñen o símbolo de *copyright* están protexidos por dereitos de autor?

Calquera obra está protexida por dereitos de autor, teña ou non o símbolo de *copyright*. Para protexer un traballo, non é obrigatorio rexistralo nin colocar símbolos ou indicacións. Arts. 17 e ss. LPI.

9. Que son as licenzas *copyleft*?

As licenzas *copyleft* son un tipo de licenza de propiedade intelectual que permiten usar, modificar e redistribuír unha obra libremente, pero cunha condición fundamental: calquera obra derivada ou redistribución debe manterse baixo a mesma licenza libre.

É dicir, o *copyleft* garante a liberdade de uso, pero obriga a conservar esa mesma liberdade nas versións modificadas. Baséase na idea de que os usuarios poden beneficiarse dunha obra só se, ao mesmo tempo, contribúen ao ben común.

10. Como funciona o *copyleft*?

1. O autor concede dereitos amplos (uso, copia, modificación).
2. Pero impón a obrigatoriedade de que:
 - As obras derivadas estean baixo a mesma licenza.
 - Non se poidan aplicar restricións adicionais.

Exemplos coñecidos de licenzas *copyleft*:

- GNU General Public License (GPL): Moi utilizada no software libre (como o Linux).
- Creative Commons Recoñecemento-Compartir Igual (CC BY-SA): usada na Wikipedia e noutros contidos culturais.

11. Podemos utilizar con total liberdade unha obra que teña unha licenza *copyleft*?

Non. As obras con calquera tipo de licenza *copyleft* especifican o que se pode e o que non se pode facer e tes que respectar os usos previstos.

LEY 12. Que son as obras de dominio público?



O dominio público está formado por todas as obras que non están protexidas polos dereitos de autor e que, polo tanto, poden ser utilizadas sen permiso ou sen ter que pagar ao autor orixinal, sempre que se respecte a autoría e a integridade da obra.

Art. 41 LPI.

O acceso dixital ás obras de dominio público é unha prioridade para as autoridades públicas, que deben facilitar o acceso a diversas manifestacións artísticas e culturais.

A Carta de Dereitos Dixitais destaca a importancia de garantir o acceso á cultura no ambiente dixital, de acordo coa Convención da UNESCO sobre a protección e promoción da diversidade de expresións culturais.

Excepción: reprodución de obras de dominio público de arte visual.

Debemos ter en conta o Real decreto lei 24/2021, do 2 de novembro, de transposición de directivas da Unión Europea nas materias de exercicio de dereitos de autor e dereitos afíns aplicables a determinadas transmisións en liña (arts. 65 e ss.).

O artigo 72 (Obras de arte visual de dominio público), establece o seguinte:

Cando expirasen os dereitos de explotación dunha obra de arte visual, calquera material resultante dun acto de reprodución da dita obra non estará suxeito a dereitos de propiedade intelectual, a menos que o material resultante do dito acto de reprodución sexa orixinal, na medida en que sexa unha creación intelectual do seu autor.

13. Como se deben interpretar os límites dos dereitos de autor?



Os límites deben estar suxeitos a unha interpretación restritiva, de modo que deben ofrecer seguridade xurídica aos creadores na protección das súas obras e dereitos, como confirmou o Tribunal de Xustiza da Unión Europea e o TS en numerosas ocasións. Isto significa que só deben aplicarse:

- Cando o usuario beneficiario estea realmente na situación descrita polo límite.
- Cumpra todos os requisitos establecidos para a limitación.

Art. 9.2 do Convenio de Berna,

Art. 10 do Tratado da OMPI (Organización Mundial de Propiedade Intelectual) sobre Dereitos de Autor de 1996:

(...) os límites ou excepcións deben referirse a determinados casos especiais que non atentan contra a explotación normal da obra nin causen un prexuízo inxustificable aos intereses lexítimos do titular dos dereitos.

LEY 14. Que é o *ius inoquo*?



O *ius inoquo* provén do dereito romano segundo o principio *quod tibi non noce et alii prodest non prohibetur* (O que a ti –referíndose ao propietario– non te prexudica e a outro beneficia, non está prohibido).

O Tribunal Supremo ten aplicado en varias ocasións a doutrina do *ius inoquo* (dereito a un uso inofensivo doutros), que é o resultado da transferencia dunha serie de principios xerais a este asunto:

- O exercicio de dereitos segundo a boa fe (art. 7.1 Código civil),
- O principio xeral da prohibición do abuso de dereito ou do exercicio antisocial deste (art. 7.2 CC),
- E a configuración constitucional da propiedade como dereito delimitado.

15. Que se considera unha obra orfa?



Aquela cuxos titulares de dereitos non estean identificados ou, se o estivesen, non estean localizados a pesar de ter efectuado unha busca dilixente previa.

Diferénciase da obra anónima en que no caso desta última pode acabar coñecéndose e localizándose o autor, fronte á obra orfa, na que este coñecemento é inviable.

Art. 6 LPI

2. Cando a obra se divulgue en forma anónima ou baixo pseudónimo ou signo, o exercicio dos dereitos de propiedade intelectual corresponderalle á persoa natural ou xurídica que a saque á luz co consentimento do autor, mentres este non revele a súa identidade.

Artigo 37 bis. LPI Obras orfas.

1. Considerarase obra orfa a obra cuxos titulares de dereitos non están identificados ou, de o estaren, non están localizados malia terse efectuado unha procura previa dilixente destes.

16. Que se entende por “busca dilixente” dos titulares dos dereitos?



Debemos ter en conta para estes efectos o Real decreto 224/2016, do 27 de maio, polo que se desenvolve o réxime xurídico das obras orfas.

Artigo 4. O procedemento de busca dilixente.

1. O procedemento de busca dilixente terá por obxecto a identificación e localización do titular ou titulares dos dereitos de autor sobre a obra orfa. Este procedemento, de obrigado cumprimento previo ao uso da obra, débena levar a cabo de boa fe as entidades beneficiarias conforme o disposto neste artigo.

En esencia, será preciso consultar as fontes relacionadas no anexo da antedita norma, que considera os repertorios das distintas entidades que poden achegar a información. Se tras esgotar as fontes de consulta non hai información, poderán iniciarse os trámites para a declaración de obra orfa, que culminará coa inscrición no rexistro de obras orfas.

17. Podo incluír pequenos fragmentos de texto dunha obra protexida por dereitos de autor no meu material docente sen necesidade de autorización do/da autor/a ou titular dos dereitos de propiedade intelectual?

Un fragmento é unha parte non significativa da totalidade dunha obra.

A LPI permite expresamente a reprodución e comunicación pública dun *capítulo dun libro, artigo dunha revista ou extensión equivalente respecto dunha publicación asimilada, ou extensión asimilable ao 10 por cento do total da obra.*

Ademais deste límite cuantitativo, deben cumprirse todos estes requisitos:

- O propósito é ensinar ou investigar.
- O traballo está divulgado.
- Realízase para citar o autor ou para o comentario de análise ou xuízo crítico da obra.
- Citar correctamente o autor e a fonte.

Arts. 32 e 37 LPI.

CASO PRÁCTICO

A tradución dunha obra considérase unha obra derivada e, como tal, xera dereitos de propiedade intelectual. STS (Sala do Civil) 724/2023, do 16 de maio.

Considera que a reprodución completa dun relato de 8 páxinas noutra obra de 715 páxinas, constitúe unha infracción dos dereitos do autor (neste caso a tradutora), e ordena a cesación da reprodución e distribución do libro, e o pagamento dunha compensación á titular de dereitos.

A reprodución citou expresamente a autora da tradución e o libro que incluía esa historia.

Ediciones Cátedra publicou un libro titulado Claves y textos de la literatura japonesa, onde aparece como autor Carlos R., que contén, entre outros textos, a tradución mencionada, sen autorización da tradutora.

... a reprodución íntegra de La historia de Lori y Run, aínda que ocupe unhas poucas páxinas en relación coa totalidade da obra publicada, ao constituír unha unidade totalmente independente, non é propiamente un fragmento doutra obra que se inclúe como parte esencial dun estudo académico ou científico, nin por suposto se trata dunha mera recensión. Desborda as feituraas legais deste límite ao dereito de reprodución, ao primar o elemento recompilatorio fronte á análise, comentario ou xuízo crítico do propio texto.

Esta reprodución non se axusta aos “usos honrados” dunha obra allea, que neste caso veñen marcados pola finalidade perseguida, na medida en que a publicación deste texto, aínda que responda á selección dunha narración breve que ilustre as características esenciais da obra literaria do seu autor (Ogai Mori), no marco dun libro sobre a literatura xaponesa, non se xustifica por un estudo crítico da obra reproducida.

De feito, o propio título da obra da demandada (Claves y textos de la literatura japonesa), onde se realiza a inclusión da obra traducida pola demandante, expresa a pretensión do libro: unha explicación da literatura xaponesa que se ilustra e complementa coa transcripción de textos que se consideran moi representativos...

LEY 18. Podo utilizar fragmentos de obras audiovisuais ou fragmentos sonoros protexidos con *copyright* nas miñas clases sen necesidade de autorización do/da autor/a ou titular dos dereitos de propiedade intelectual?

Si, a lei permite a utilización de fragmentos de obras audiovisuais alleas (películas, documentais, curtametraxes, cancións, gravación de concertos, etc.) no exercicio da docencia, sen autorización do autor ou titular dos dereitos, sempre que se cumpran todos estes requisitos:

- A obra estea divulgada.
- Faise con fins educativos ou de investigación, non comercial.

– A difusión límitase ao ámbito da clase, conferencia, charla, etc, é dicir, co propósito de investigación ou docencia.

– Débese citar sempre o autor e a fonte.

Lembra que un fragmento é unha parte non significativa de toda a obra.

Art. 32 LPI.

LEY 19. Podo utilizar nos meus materiais didácticos, no meu blog... materiais protexidos por *copyright* que hai en Internet sen necesidade de autorización do/da autor/a ou titular dos dereitos de propiedade intelectual?

Si, podes usalos sen o permiso do autor ligándoos, pero non copiándoos.

É importante asegurarse de que a ligazón que proporcionas se ofrece desde un sitio web legal que respecte os dereitos de autor.

O material publicado en Internet tamén está protexido pola Lei de propiedade intelectual.

Se necesitas copialo, reutilízalo... tes que pedir permiso ao titular dos dereitos.

Lembra que, tanto para enlazar como para copiar (neste último caso, sempre con permiso do titular dos dereitos), debes citar debidamente a autoría e a fonte.

Recomendación: se o material está dispoñible nunha institución cultural pública, utiliza o enlace que a biblioteca pon á túa disposición.

Art. 32 LPI.

20. Podo utilizar nos meus materiais didácticos, no meu blog... materiais libres de *copyright* que hai en Internet sen necesidade de autorización do autor/a ou titular dos dereitos de propiedade intelectual?

Si, podes utilizar materiais publicados en Internet sen *copyright*, libres de dereitos de autor ou con licenzas *copyleft* que o permitan (Creative Commons, etc.) sen necesidade de autorización do autor, sempre que:

– Cites correctamente o autor e a fonte.

– Respectes os usos específicos que marca a licenza.

LEY 21. Podo incluír nos meus materiais didácticos as obras fotográficas protexidas por *copyright* sen necesidade de autorización da autoría ou titular dos dereitos de propiedade intelectual?

Si, a lei permítenos incluír imaxes no noso material didáctico no exercicio da docencia, sen autorización do/da autor/a ou do/da titular dos dereitos, sempre que se cumpran todos estes requisitos:

– Realízase como cita ou para análise, comentario ou xuízo crítico.

– A finalidade é a docencia ou a investigación, non comercial.

– A obra xa está divulgada (papel, Internet...).

Un dato refírese a unha persoa se fai referencia á súa identidade, ás súas características ou ao seu comportamento, ou se esa información se emprega para determinar ou influír no xeito en que se trata ou avalía (os datos incluídos no ficheiro persoal dunha persoa gardado no departamento de persoal da súa empresa; os datos sobre os resultados das probas médicas ás que se someteu unha persoa, recollidos no seu historial médico; ou as imaxes filmadas en vídeo dunha persoa con ocasión dunha entrevista).

Para considerar que os datos versan «sobre» unha persoa, debe haber un elemento «contido», un elemento «finalidade» ou un elemento «resultado»:

Contido: elemento relativo a unha persoa.

Finalidade: avaliar, tratar de determinada maneira ou influír na situación ou no comportamento dunha persoa.

Resultado: abonda con que a persoa poida ser tratada de forma diferente por outras persoas como consecuencia do tratamento de tales datos.

En calquera Administración ou empresa, o rexistro de chamadas e o control da IP non recollen datos persoais por contido (non se refiren a unha persoa concreta), senón por finalidade e resultado: o número de chamadas e o uso do ordenador no horario laboral son identificadores do traballador que usou os aparatos nese tempo.



9. Que é unha “persoa física” para a normativa de protección de datos persoais?



Os datos persoais son, polo tanto, datos relativos a seres vivos: artigo 6 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, *todo ser humano ten dereito, en todas as partes, ao recoñecemento da súa personalidade xurídica.*

Os finados non se deben considerar suxeitos ás normas do regulamento, xa que os defuntos deixan de ser persoas físicas para o dereito civil. Con todo, en determinados casos os datos poden recibir indirectamente certa protección.

1. O responsable dos datos quizais non poida saber de certo se a persoa á que se refiren os datos aínda está viva ou faleceu.
2. A información sobre persoas falecidas tamén pode facer referencia a persoas vivas. Por exemplo, a información de que a finada era hemofílica indica que o seu fillo tamén pode selo.
3. A obriga de confidencialidade do persoal médico non termina coa morte do paciente.
4. Nada impide que un Estado membro estenda o alcance da normativa nacional aos finados, sempre que non se opoña a ningunha norma de dereito europeo.



10. Están as persoas xurídicas incluídas dentro do ámbito de aplicación da normativa de protección de datos?

Por principio e en principio, as persoas xurídicas están excluídas do ámbito de aplicación da normativa de protección de datos. A razón é que a definición de datos persoais fai referencia tan só ás persoas físicas.

Porén, o TXUE sinalou que cada Estado membro pode estender o alcance da protección ás persoas xurídicas, sempre que ningunha outra norma de dereito europeo se opoña. Por iso, países como Italia, Austria ou Luxemburgo estenderon o alcance de determinadas disposicións (como as relativas ás medidas de seguridade) ao tratamento de datos sobre persoas xurídicas.

En segundo lugar, o ámbito de protección estendeuse indirectamente ás persoas xurídicas (por derivación das persoas físicas) nalgúns supostos. Son salientables os dous seguintes:

1. Cando a denominación da persoa xurídica ten a súa orixe ou se corresponde co nome dunha persoa física. É dicir, a denominación da primeira permite identificar a segunda dun xeito sinxelo.
2. Cando o correo electrónico dunha entidade é utilizado por un empregado ou achega información sobre o comportamento do seu usuario ou propietario.

En ambos os dous casos, os signos identificadores da persoa xurídica son datos persoais consonte os criterios de «contido», «finalidade» ou «resultado».

11. Que significa que unha persoa (física) está identificada ou é identificable?


Unha persoa física está «identificada» cando é distinguible directa e inmediatamente de todos os demais membros do grupo. Por conseguinte, a persoa física é «identificable» cando, aínda que non estea identificada, “sexa posible” facelo.

Unha persoa pode ser identificada directamente polo seu nome e apelidos ou indirectamente por un número de teléfono, a matrícula dun coche, un número da Seguridade Social, un número de pasaporte ou por unha combinación de criterios significativos (idade, emprego, domicilio, etc.), que faga posible a súa identificación ao estreitarse o grupo ao que pertence».

O nome e apelidos é efectivamente o identificador máis común. Pero non necesariamente o máis concluínte. Nalgunhas ocasións, para establecer con toda certeza esta identidade, hai que combinar o nome e apelidos da persoa con outros datos (data de nacemento, nomes dos pais, enderezo ou unha fotografía do seu rostro) para evitar toda confusión con outras persoas do mesmo nome e apelidos.

Persoa identificable. A identificación lógrase normalmente a través de datos concretos chamados «identificadores» e que teñen unha relación privilexiada e moi próxima cunha persoa: a súa aparencia (altura, a cor do cabelo, a roupa, etc.) ou unha calidade da persoa que non pode percibirse inmediatamente (profesión, o cargo que ocupa, o seu nome, etc.): *«para determinar se unha persoa é identificable, hai que considerar o conxunto dos medios que poidan ser razoablemente utilizados polo responsable do tratamento ou por calquera outra persoa para identificar a devandita persoa».* Isto significa que a mera e hipotética posibilidade de singularizar un individuo non é suficiente para considerar a persoa como «identificable». Se «o conxunto dos medios que poidan ser razoablemente utilizados polo responsable do tratamento ou por calquera outra persoa» non o permite ou é insignificante, a persoa non debe ser considerada como «identificable» e a información non debe catalogarse como «datos persoais».

12. Cales son os datos especialmente protexidos?

 As categorías especiais de datos son aquelas que inclúen datos que revelen a orixe étnica ou racial, as opinións políticas, conviccións relixiosas ou filosóficas, afiliación sindical, datos xenéticos, datos biométricos dirixidos a identificar de maneira unívoca a unha persoa física, datos relativos á saúde ou á vida sexual ou as orientacións sexuais dunha persoa física.

A regra xeral é a prohibición do tratamento (art. 9). Con todo, recóllese un amplo abano de excepción. Entre elas:

1. Consentimento explícito para o tratamento. En España, o artigo 9 LOPD dispón que, *co fin de evitar situacións discriminatorias, o só consentimento do afectado non abonda para erguer a prohibición do tratamento de datos cuxa finalidade principal sexa identificar a súa ideoloxía, afiliación sindical, relixión, orientación sexual, crenzas ou orixe racial ou étnica.*
2. O interesado fixo manifestamente públicos os datos persoais.

3. O tratamento é necesario por razóns dun interese público esencial, sobre a base do dereito da Unión ou dos Estados membros, que debe ser proporcional ao obxectivo perseguido, respectar no esencial o dereito á protección de datos e establecer medidas axeitadas e específicas para protexer os intereses e dereitos fundamentais do interesado.

LAW 13. Cando os datos especialmente protexidos en particular, e todos os datos persoais en xeral, poden ser utilizados polo persoal de bibliotecas, museos e arquivos sen consentimento expreso dos interesados?

O artigo 89 RXPDP é esencial para que o persoal de bibliotecas, arquivos e museos poida exceptuar o principio de "limitación do tratamento": o contido esencial do dereito fundamental á protección de datos é o de controlalos e conceder expresamente o seu uso a terceiros, así como que os datos non poidan ser obxecto dun segundo tratamento non consentido.

O artigo 89 RXPDP (*Garantías e excepcións aplicables ao tratamento con fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos*) permite o tratamento con fins de arquivo en interese público, de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos estará suxeito ás garantías axeitadas, conforme este regulamento, para os dereitos e as liberdades dos interesados.

Cales son esas garantías?

1. Dispoñer e implementar as medidas técnicas e organizativas que garantan o respecto ao principio de minimización dos datos persoais: por exemplo a pseudonimización (artigo 89.1 do RXPDP).
2. O tratamento ulterior de datos persoais cos fins anteriormente mencionados soamente terá lugar cando o responsable do tratamento avalíase a viabilidade de cumprir eses fins mediante un tratamento que non permita identificar os interesados, ou que xa non o permita, sempre que existan as garantías adecuadas (considerando 156 do RXPDP).
3. Posibilidade de establecer procedementos específicos para que os interesados exerzan os seus dereitos en materia de protección de datos, se resulta axeitado, á luz dos fins perseguidos polo tratamento específico (considerando 156 do RXPDP).

LAW 14. Cando pode o interesado (titular dos datos persoais) exercer o dereito de acceso aos seus datos? (artigo 15 RXPDP)

O interesado terá dereito a obter do responsable do tratamento confirmación de se se están tratando ou non datos persoais que lle concirnen e, en tal caso, dereito de acceso aos datos persoais e á seguinte información:

- a) Os fins do tratamento.
- b) As categorías de datos persoais de que se trate.
- c) Os destinatarios ou as categorías de destinatarios aos que se comunicaron ou serán comunicados os datos persoais, en particular destinatarios en terceiros ou organizacións internacionais.
- d) De ser posible, o prazo previsto de conservación dos datos persoais ou, de non ser posible, os criterios utilizados para determinar este prazo.

- e) A existencia do dereito para solicitar do responsable a rectificación ou supresión de datos persoais ou a limitación do tratamento de datos persoais relativos ao interesado, ou a opoñerse ao devandito tratamento.
- f) O dereito para presentar unha reclamación ante unha autoridade de control.
- g) Cando os datos persoais non se obtivesen do interesado, calquera información dispoñible sobre a súa orixe.
- h) A existencia de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís, e, polo menos en tales casos, información significativa sobre a lóxica aplicada, así como a importancia e as consecuencias previstas do devandito tratamento para o interesado.

LAW 15. Como pode o interesado (titular dos datos persoais) exercer o dereito de acceso aos seus datos? (artigo 15 RXPDP)

O responsable do tratamento facilitará unha copia dos datos persoais obxecto de tratamento. O responsable poderá percibir por calquera outra copia solicitada polo interesado un canon razoable baseado nos custos administrativos.

Cando o interesado presente a solicitude por medios electrónicos, a información facilitarase nun formato electrónico de uso común, agás que este a solicite doutro xeito.

O acceso a documentos concretos non forma parte do contido do dereito de acceso. Así, o dereito de acceso consiste en obter información dos datos persoais de base rexistrados, pero non ampara o acceso a documentos concretos. Polo tanto, a obtención de copia do rexistro da publicación queda fóra do dereito de acceso configurado na normativa de protección de datos.

LAW 16. Que "terceiros" están lexitimados para acceder a datos persoais doutra persoa?

LEY O terceiro é toda *persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou organismo distinto do interesado, do responsable do tratamento, do encargado do tratamento e das persoas autorizadas para tratar os datos persoais baixo a autoridade directa do responsable ou do encargado* (art. 4 10) RXPDP).

O acceso lícito está supeditado a:

1. Aplicación dos artigos 5 e 6 RXPDP sobre principios e regras do tratamento lícito de datos.
2. Aplicación da normativa propia de arquivos, rexistros e bibliotecas, etc.

Exemplo: profesores, estudantes doutorais e posdoutorais, investigadores e similares.

No eido estatal, o acceso por terceiros regúlase no capítulo IV do Real decreto 1708/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o Sistema Español de Arquivos e se regula o Sistema de Arquivos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos e o seu réxime de acceso.

LEY 17. Cando e como é admisible o acceso por terceiros a documentos históricos?

O Real decreto 1708/2011, do 18 de novembro, na súa disposición adicional sexta, onde se regula o réxime de acceso aos arquivos históricos de titularidade e xestión estatal, establece: *As disposicións deste real decreto aplicaranse sen prexuízo das regras específicas*

de acceso aos fondos dos arquivos históricos de titularidade e xestión estatal, en razón do seu carácter de arquivos abertos ao público, sempre que resulten máis favorables ao dereito de acceso.

A Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, prevé no seu artigo 62: *A Administración do Estado garantirá o acceso de todos os cidadáns españois aos arquivos, bibliotecas e museos de titularidade estatal, sen prexuízo das restricións que, por razón da conservación dos bens neles custodiados ou da función da propia institución, poidan establecerse.*

LAW 18. Cando é admisible exercitar o dereito de supresión (o 'dereito ao esquecemento'); en particular, verbo dos documentos históricos? (art. 17 RXPd).

O interesado terá dereito a obter sen dilación indebida do responsable do tratamento a supresión dos datos persoais que lle concirnan, quen estará obrigado a suprimir sen dilación indebida os datos persoais cando concorran algunha das circunstancias seguintes:

- a) Os datos persoais xa non sexan necesarios en relación cos fins para os que foron recollidos ou tratados doutro xeito.
- b) O interesado retire o consentimento en que se basea o tratamento e este non se basee noutro fundamento xurídico.
- c) O interesado exercite o dereito de oposición ao tratamento e non prevalezan outros motivos lexítimos.
- d) Os datos persoais fosen tratados ilícitamente.
- e) Os datos persoais deban suprimirse para o cumprimento dunha obriga legal establecida no dereito da Unión ou dos Estados membros que se aplique ao responsable do tratamento.
- f) Os datos persoais obtivéronse en relación coa oferta de servizos da sociedade da información.

LAW 19. Cando non é admisible exercitar o dereito de supresión (o 'dereito ao esquecemento'); en particular, verbo dos documentos históricos? (art. 17 RXPd).

O dereito ao esquecemento non procede cando o tratamento sexa necesario:

- a) Para exercer o dereito á liberdade de expresión e información.
- b) Para o cumprimento dunha obriga legal que requira o tratamento de datos imposta polo dereito da Unión ou dos Estados membros que se aplique ao responsable do tratamento, ou para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable.
- c) Por razóns de interese público no ámbito da saúde pública.
- d) Con fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos, de conformidade co artigo 89, apartado 1, na medida en que o dereito indicado no apartado 1 puidese facer imposible ou obstaculizar gravemente o logro dos obxectivos do devandito tratamento, ou para a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións.

LAW 20. Cales son os elementos esenciais aos que debemos atender cando avaliamos se facemos un tratamento correcto ou incorrecto dos datos persoais? Principios do tratamento.

O RXPDP inspírase decididamente na xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, quen examina a conformidade das normativas estatais coa lexislación europea baseándose en certos principios de aplicación xeneralizada, sempre e a todos os casos. Son estes principios os que debemos aplicar como baremo do noso tratamento. Recóllense no artigo 5 RXPDP.

O persoal de bibliotecas, arquivos e museos deberá:

- a) Tratar os datos dun xeito lícito, leal e transparente verbo do interesado («licitude, lealdade e transparencia»).
- b) Recollelos con fins determinados, explícitos e lexítimos, e non serán tratados ulteriormente dun xeito incompatible cos devanditos fins. Consonte co artigo 89, apartado 1, o tratamento ulterior dos datos persoais con fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos non se considerará incompatible cos fins iniciais («limitación da finalidade»).
- c) Empregar os datos axeitados, pertinentes e limitados ao necesario en relación cos fins para os que son tratados («minimización de datos»).
- d) Empregar datos exactos e, se fose necesario, actualizados; adoptaranse todas as medidas razoables para que se supriman ou rectifiquen sen dilación os datos persoais que sexan inexactos con respecto aos fins para os que se tratan («exactitude»).
- e) Mantelos de forma que se permita a identificación dos interesados durante non máis tempo do necesario para os fins do tratamento dos datos persoais; os datos persoais poderán conservarse durante períodos máis longos sempre que se traten exclusivamente con fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos, de conformidade co artigo 89, apartado 1, sen prexuízo da aplicación das medidas técnicas e organizativas apropiadas que impón este regulamento co fin de protexer os dereitos e liberdades do interesado («limitación do prazo de conservación»).
- f) Tratalos de tal maneira que se garanta unha seguridade adecuada dos datos persoais, incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental, mediante a aplicación de medidas técnicas ou organizativas apropiadas («integridade e confidencialidade»).

LAW 21. Operando consonte os principios do artigo 6, cando se entende que o persoal de museos, arquivos e bibliotecas fai un tratamento lícito dos datos persoais?

Estaremos a facer un tratamento lícito dos datos que consten no noso poder por mor das nosas funcións cando:

- a) O interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos.
- b) O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaición legal aplicable ao responsable do tratamento.

Ambos os dous supostos son alternativos. Cando o persoal careza do consentimento do interesado, expresado nos termos desenvolvidos na pregunta seguinte, poderá facer un tratamento lícito dos seus datos cando actúe na execución das súas competencias e desenvolvemento das súas funcións en aplicación razoada e ponderada da normativa específica de museos, arquivos e bibliotecas.

LAW **22. Como podemos saber que o titular dos datos persoais (“interesado”) deu o seu consentimento para o seu tratamento?**

LEY

Por «consentimento do interesado» enténdese toda manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que aquel acepta, xa sexa mediante unha declaración ou unha clara acción afirmativa, o tratamento de datos persoais (artigo 4.11 RXPd). O responsable deberá ser capaz de demostrar que aquel consentiu o tratamento dos seus datos persoais.

Se o consentimento do interesado se dá no contexto dunha declaración escrita que tamén se refira a outros asuntos, a solicitude de consentimento presentarase de tal forma que se distinga claramente dos demais asuntos, de forma intelixible, de doado acceso e empregando unha linguaxe clara e sinxela. O interesado terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento. Será tan fácil retirar o consentimento como dalo.

LEY **23. Quen asume a responsabilidade polo tratamento ilícito dos datos persoais? Posición do responsable e do encargado do tratamento**

O artigo 70 LOPD atribúe a responsabilidade polo tratamento ilícito dos datos dos interesados aos responsables e aos encargados do tratamento. Consonte ao artigo 4 RXPd, apartados 7 e 8: O «responsable do tratamento» ou «responsable» é a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que, só ou xunto con outros, determine os fins e medios do tratamento. O «encargado do tratamento» ou «encargado» é a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que trate datos persoais por conta do responsable do tratamento.

Se a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia encarga á empresa privada DIXIDOC, S.A. (ficticia), a dixitalización dos documentos contidos no Arquivo do Reino de Galicia e durante o proceso de dixitalización ‘se filtran’ á prensa datos patrimoniais e persoais, fotografías privadas e documentos sensibles que afectan a persoas vivas perfectamente identificables, o responsable do tratamento é a Consellería e o encargado é DIXIDOC.

LAW **24. Cal é o criterio fundamental para determinar a responsabilidade sancionadora do responsable e do encargado do tratamento?**

As Directrices 07/2020 do Consello Europeo de Protección de Datos (CEPD) sobre os conceptos de responsable e encargado do tratamento no RXPd sinalan que os dous conceptos non son formais, senón funcionais e deben adaptarse ao caso específico. O responsable do tratamento decide os fins e os medios do tratamento, decide “por que” e “como” se deben procesar os datos persoais e non perde esta condición simplemente por outorgarlle ao encargado do tratamento certa marxe de discreción ou por non ter acceso ás bases de datos do encargado do tratamento.

O **criterio funcional** significa que a asunción das responsabilidades vén determinada polo papel do responsable e do encargado na organización e xestión dos datos, en xeral e no caso concreto da infracción.

O encargado do tratamento só será responsable dos danos:

1. Se incumpriu as obrigas especificamente dirixidas aos encargados do tratamento no RXP (artigos 28 e 29 do RXP).
2. Ou actuou fóra ou en contra das instrucións legais do responsable do tratamento.

Ambas as dúas partes estarán exentas de responsabilidade se proban que non son en ningún caso responsables do acto que causou os danos (art. 82.3). A responsabilidade dentro de cada grupo e entre os dous é **solidaria** (art. 82.4). As reclamacións por danos e perdas deben presentarse ante o responsable ou encargado do tratamento, non ante a AEPD.

LEY 25. Cales son as sancións ás que se afrontan os responsables e/ou os encargados do tratamento por vulnerar a normativa de protección de datos persoais?

TIPO DE INFRACCIÓN	DESCRIPCIÓN	ARTIGOS DE REFERENCIA	PRESCRIPCIÓN DA INFRACCIÓN	SANCIÓN
LEVES	Non causan un dano significativo aos interesados	Art. 74 LOPDGDD	1 ano	Importe igual ou inferior aos 40.000 €
GRAVES	Dano salientable aos interesados ou risco para a seguridade de datos	Art. 73 LOPDGDD e art. 83.4 RGPD	2 anos	Importe entre 40.001 € e 300.000 €
MOI GRAVES	Vulneran gravemente os dereitos dos interesados ou poñen en risco a seguridade de datos a grande escala	Arts. 72 a 78 LOPDGDD, art. 83 RGPD	3 anos	Importe superior aos 300.000 €

26. En que responsabilidades pode incorrer quen difunda ilexítimamente contidos sensibles de terceiros?

Quen difunda ilexítimamente contidos sensibles de terceiros pode incorrer en distintos tipos de responsabilidades:

Responsabilidade en materia de protección de datos: a difusión de datos sensibles dunha persoa física (en contidos tales como imaxes, audios ou vídeos que permitan identificala) publicados sen consentimento considérase unha infracción da normativa de protección de datos persoais. A AEPD é competente para sancionar estas condutas con multas que, nos casos máis graves, poden alcanzar os 20.000.000 de euros ou, tratándose dunha empresa, unha contía equivalente ao 4% do volume de negocio total anual global do exercicio financeiro anterior.

Responsabilidade penal: a difusión e a cesión a terceiros de imaxes ou vídeos sen consentimento que menoscaben a intimidade dunha persoa física, son constitutivas de

delito castigado con pena de prisión de tres meses a un ano ou multa de seis a doce meses naqueles casos en que se obtiveron coa anuencia da persoa afectada en calquera lugar fóra da mirada de terceiros. Así mesmo, poderían constituír un delito contra a integridade moral, castigado con pena de prisión de seis meses a dous anos.

Cando os responsables sexan menores de idade, poderáselles sancionar coa realización de servizos en beneficio da comunidade, ou tarefas socioeducativas, e poderán chegar á liberdade vixiada e mesmo á privación de liberdade (internamento en centros ou permanencia de fin de semana).

Responsabilidade no ámbito laboral: o acoso sexual no ámbito laboral, calquera que sexa o responsable, constitúe unha infracción moi grave pola que se poderá sancionar o empresario con multas de entre 6.251 e 187.515 euros.

Así mesmo, constitúe unha infracción grave, sancionable con multas de 626 a 6.250 euros, calquera acción ou omisión do empresario que cause un dano aos traballadores, ben por non avaliar o risco laboral adecuadamente, incluídos os denominados riscos psicosociais, ou por non adoptar as medidas de prevención adecuadas. Pola súa banda, os traballadores que leven a cabo estas condutas incorrerán en responsabilidade disciplinaria, que, no caso de faltas moi graves, poderá comportar o despedimento.

Responsabilidade civil: deberase responder polos danos e perdas causados á persoa afectada, tanto os de carácter patrimonial como os de carácter moral.

27. Infrinxen as persoas físicas a normativa de protección de datos persoais e poden ser sancionadas por tales condutas?

En principio, NON.... Se os ficheiros son propiedade da entidade pública, a responsabilidade do cumprimento recae nela, xa que o responsable do tratamento é responsable de calquera incumprimento.

Polo tanto, a entidade pública será responsable como persoa xurídica e non o individuo que realmente xestiona o ficheiro.

Hai numerosos casos nos que, mesmo de forma non intencionada, se produce unha violación da lei debido a un mal desempeño do persoal de datos. Velái a importancia de investir en formación dirixida a concienciar e impartir formación obrigatoria aos traballadores para previr estas infraccións e evitar as sancións que supoñen.

Porén non é a primeira vez que a Axencia Estatal de Protección de Datos impón unha sanción a unha persoa física.

No ano 2019 impuxo unha multa de 10.000 € a unha persoa por incumprir o artigo 6.1 do RXP. Publicou fotografías íntimas e capturas de pantalla de conversas dunha muller e unha terceira persoa no seu estado de WhatsApp sen o seu coñecemento ou consentimento, despois de que fosen roubadas dunha unidade USB que desaparecera. Tamén engadiu comentarios despectivos e insultantes a algunhas das fotografías.

LAW 28. Aplícase a denominada “excepción doméstica” ao persoal de bibliotecas, arquivos e museos?

LEY



O propio RXP, no seu considerando 18, establece que “non se aplica ao tratamento de datos persoais por parte dunha persoa física no curso dunha actividade exclusivamente persoal ou doméstica e, polo tanto, sen ningunha conexión cunha actividade profesional ou comercial”.

A “exención doméstica”: as normas de protección de datos non se aplican aos usuarios que operan nun ámbito puramente persoal e que contactan con persoas que forman parte da súa familia ou fogar (aplicacións de mensaxaría móbil). Esta excepción non opera na comunicación de datos sensibles (orixe racial ou étnica, opinións políticas, crenzas relixiosas ou filosóficas, afiliación sindical, saúde e vida sexual), que só poderán publicarse co consentimento explícito do interesado ou se esa persoa fixo públicos os datos. Nestes casos, é o propio usuario quen asume a plena responsabilidade do tratamento dos datos.

Isto non se aplica ao persoal do sector público que xestiona indebidamente datos persoais coñecidos por mor do seu traballo:

1. Considerando 18 do RXP, *a contrario sensu*.
2. Acción de repetición contra o funcionario, *ex art.* 36.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
3. Delito de descubrimento e revelación de segredos: título X, capítulo primeiro; artigos 197 a 201 do Código penal.

LEY 29. En caso de que a AEPD sancione a entidade responsable do tratamento, pode esta repetir contra o seu persoal?

Unha vez ditada a resolución no procedemento a favor do interesado, a entidade sancionada requerirá a responsabilidade, oficialmente por vía administrativa, ás súas autoridades e demais persoal do seu servizo, que tratasen indebidamente datos persoais, sempre que o fixesen por fraude, culpa ou negligencia grave, tras a instrución do procedemento correspondente.

Os criterios para acordar a repetición son: o resultado danoso producido; o grao de culpabilidade; a responsabilidade profesional do persoal e a súa relación coa produción de resultados prexudiciais.

O procedemento levarase a cabo de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e constará, como mínimo, dos seguintes pasos: alegacións nun prazo de 15 días; práctica da proba durante un período de 15 días; audiencia por un período de 10 días; proposta de resolución nun prazo de 5 días desde a finalización do trámite de audiencia; resolución en 5 días, que esgota a vía administrativa.



1920. A Coruña
Fotografía dunha manifestación de parados na praza de María Pita da Coruña.
ARG. Colección fotográfica. 3824
<http://arquivo.galiciano.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?id=169007>



**O DEREITO
DE IMAXE**



[Ca. 1950]

Fotografía de xente no Club Fluvial de Lugo.

AHPLu. Empresa Ediciones Arribas. 0110

<http://arquivo.galiciiana.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?id=1725415>

O tratamento do dereito de imaxe nos centros culturais é un tema de gran relevancia, dado o crecente uso das tecnoloxías dixitais e a difusión de contido visual nas redes sociais. A tensión entre o dereito á propia imaxe, a protección do patrimonio cultural e o dereito á información xera debates xurídicos complexos.

Trátase dun dereito de carácter personalísimo que a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, que o regula, cualifica de irrenunciabile, inalienable e imprescritible.

Achegámonos neste apartado ao dereito de imaxe, aos conflitos máis comúns que xera e ás posibles solucións que permitan conciliar todos os intereses en xogo.



1. Que é o dereito de imaxe?

É o dereito a decidir sobre a captación, reprodución e representación da propia figura.

Ten unha proxección exterior puramente personalista que nada ten que ver coa consideración social da persoa, coa súa valoración pública que se incardina de xeito máis atinado dentro do dereito ao honor e ten a proxección como dato de carácter persoal.



2. Onde se atopa regulado o dereito de imaxe?



No artigo 18 da Constitución española, como dereito fundamental, xunto ao dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e como límite á liberdade de expresión do artigo 20 do texto constitucional.



Na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

O dereito de imaxe como dato persoal atópase regulado no Regulamento (UE) 2016/679, xeral de datos de carácter persoal (RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

3. Quen ten dereito de imaxe?

As persoas naturais. Porén, o dereito á imaxe das persoas xurídicas admítase doutrinalmente na súa proxección vinculada ao dereito de honor e a súa lesión tradúcese en prexuízo patrimonial.



4. O dereito á imaxe comprende o dereito ao anonimato?

O Tribunal Constitucional ten sinalado que o artigo 18.1 da Constitución non comprende o dereito ao anonimato de modo incondicionado e sen reservas, pero tampouco pode interpretarse como algo irrelevante de modo que quede desprotexido o dereito a ser anónimo.

5. Cando se produce unha intromisión ilexítima no dereito á imaxe?

1. Cando se capte, reproduza ou publique mediante unha fotografía, filme ou por calquera outro procedemento a imaxe dunha persoa en lugares ou momentos da súa vida privada ou fóra deles, salvo:

a. Cando exista o consentimento para o uso dado polo seu titular.

b. Cando sen necesidade de consentimento previo se dea algunha das situacións seguintes:

- 1º. Cando se trate de persoas que exerzan un cargo público ou unha profesión de notoriedade ou proxección pública e a imaxe se capte en actos públicos ou en lugares abertos ao público.
 - 2º. A utilización da caricatura das ditas persoas de acordo co uso social.
 - 3º. A información gráfica sobre un suceso ou acontecemento público cando a imaxe dunha persoa determinada apareza como meramente accesoria.
2. Cando se utilice o nome, a voz ou a imaxe dunha persoa para fins publicitarios, comerciais ou de natureza análoga.

6. Poden os menores outorgar o consentimento para o uso da súa imaxe?

No caso dos maiores de 14 anos, poden prestar a súa autorización para o uso de imaxes a condición de que demostren comprensión e voluntariedade no acto e estean en pleno uso das súas facultades.

O consentimento para publicar fotos de menores de 14 anos deben dalo os pais ou os titulares legais do neno. É necesario o consentimento de ambos os proxenitores cando estes comparten a patria potestade.

7. Poden os menores opoñerse ao uso da súa imaxe?

O menor pode opoñerse á publicación das súas fotos, teña máis ou menos de 14 anos, xa que ten dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe. Porén, só os maiores de 14 anos poden exercer o seu consentimento plenamente, mentres que os menores desta idade dependen do que os seus pais decidan facer.

8. Poden as persoas con algún tipo de discapacidade outorgar o consentimento para o uso da súa imaxe?

Si, se as súas condicións de madurez o permiten, de acordo coa lexislación civil.

Nos restantes casos, o consentimento deberá ser outorgado mediante escrito polo seu representante legal, quen estará obrigado a poñer en coñecemento previo do Ministerio Fiscal o consentimento proxectado.

Se no prazo de oito días o Ministerio Fiscal formula oposición, resolverá o xuíz.

9. Quen está lexitimado a exercer accións para protexer o dereito á imaxe das persoas falecidas?

Aquela persoa física ou xurídica que se designase para o efecto no seu testamento.

Non existindo designación, ou falecendo a persoa designada, estarán lexitimados para solicitar a protección o cónxuxe, os descendentes, ascendentes e irmáns da persoa afectada que vivisen ao tempo do seu falecemento.

Á falta de todos eles, o exercicio das accións de protección corresponderalle ao Ministerio Fiscal, que poderá actuar de oficio a instancia de persoa interesada, sempre que non transcorreran máis de oitenta anos desde o falecemento do afectado. O mesmo prazo observárase cando o exercicio das accións mencionadas corresponda a unha persoa xurídica designada en testamento.

10. Quen está lexitimado para protexer o dereito de imaxe das vítimas dun delito?

O ofendido ou prexudicado polo delito cometido, tivese ou non exercido a acción penal ou civil no proceso penal precedente. Tamén estará lexitimado, en todo caso, o Ministerio Fiscal.

11. Que presupostos ou principios permiten o tratamento da imaxe como dato?

1. O consentimento expreso do interesado para a finalidade concreta do tratamento.
2. O cumprimento dunha obrigaición legal: por exemplo, a videovixilancia en espazos de traballo para seguridade.
3. Execución dun contrato: en casos onde se necesite o uso de imaxes (ex. contratos de publicidade).
4. Intereses lexítimos do responsable: se non vulneran os dereitos do interesado (ex. eventos públicos).
5. Misión realizada en interese público: aplicable a administracións e corpos de seguridade.

12. Que dereitos teñen as persoas cuxa imaxe está sendo obxecto de tratamento?

- Acceso: coñecer se a súa imaxe está a ser tratada.
- Rectificación: corrixir datos erróneos.
- Supresión (“dereito ao esquecemento”): solicitar a eliminación de imaxes.
- Oposición: impedir o tratamento cando non haxa unha causa lexítima.
- Limitación do tratamento: restrinxir o uso da imaxe en determinados casos.

13. Que obrigas teñen os responsables do tratamento?

- Garantir o principio de minimización de datos: non recoller máis imaxes das necesarias.
- Implementar medidas de seguridade adecuadas para evitar accesos non autorizados.
- Informar sobre o tratamento mediante carteis ou cláusulas informativas.
- Obter consentimento válido, salvo excepcións legais.

14. Cando se pode usar a videovixilancia para captar a imaxe de persoas?

- Só se permite a gravación para finalidades lexítimas (seguridade, prevención de delitos).
- É obrigatorio colocar carteis informativos.
- Non se poden captar imaxes en espazos privados sen consentimento.
- Os datos deben conservarse un máximo de 30 días, salvo requirimento xudicial.

15. Cando é posible o uso de imaxes en redes sociais e medios dixitais?

- Necesítase consentimento para publicar imaxes de terceiros.
- Especial protección para menores: necesario consentimento dos pais/titores.
- Dereito a solicitar a eliminación de imaxes publicadas sen consentimento.

16. Poden captarse imaxes no ámbito laboral cando:

- A empresa pode instalar cámaras por seguridade, pero non en zonas privadas (vestiarios, baños).

- Débese informar previamente os traballadores sobre a captación de imaxes.
- Non se poden usar imaxes sen xustificación para control laboral excesivo.

17. É posible a captación de imaxes en eventos públicos e a súa posterior publicación?

Si; se a imaxe dunha persoa é accesoria dentro dun evento público, non se require consentimento.

E se se destaca individualmente unha persoa, débese contar coa súa autorización.

18. Respecto da captura de imaxes nos centros culturais, poderá darse segundo a Axencia Española de Protección de Datos se se cumpren os requisitos seguintes:

- a) A recompilación de datos de carácter persoal só se dará para o seu tratamento.
- b) Deberá ser adecuada, pertinente e non excesiva.
- c) En relación cun ámbito e finalidade determinada, lexítima e explícita.
- d) Os datos recadados non poderán usarse para finalidades incompatibles con aquelas para as que foran recollidos, non sendo nunca incompatibles os fins históricos, estatísticos ou científicos.

19. Podemos establecer nos centros culturais a cantidade de cámaras de videovixilancia que queiramos?

Non, polo principio de proporcionalidade, segundo o cal o tratamento se limitará ao imprescindible para a finalidade deste. Así, o número de cámaras será proporcional á dita necesidade, e o dito principio é extensible tamén aos monitores e sistemas de gravación, que deberán situarse en lugares vixiados e zonas restrinxidas non accesibles ao público.

20. Ás imaxes captadas por videovixilancia quen pode acceder?

As imaxes só serán accesibles ao persoal autorizado para controlar os dispositivos de visualización e gravación. O acceso debe restrinxirse, por exemplo, co uso de claves.

21. Pode o sistema de videovixilancia dun centro cultural capturar imaxes da vía pública?

Non, salvo o imprescindible para preservar a seguridade das persoas, bens e instalacións.

22. Se se captan imaxes, debe informarse dese tratamento?

Si, mediante un dispositivo suficientemente visible no acceso (en todos os accesos de seren varios) ás zonas videovixiladas.

Non só deberá informarse de que se captan as imaxes e da súa finalidade, tamén do responsable do tratamento e dos dereitos dos titulares en relación coa protección dos seus datos (mesmo se prevé que poida incluírse unha conexión con código a información na rede na que tamén se pode poñer á disposición a restante información pormenorizada do tratamento e da súa dimensión).

23. Durante canto tempo poden conservarse as imaxes captadas?

Deben suprimirse transcorrido un mes desde a súa captación, salvo cando sirvan para acreditar a comisión de actos contra a integridade das persoas, dos bens e das instalacións

pero, sendo así, as imaxes deberán ser postas ao dispor da autoridade competente nun prazo máximo de setenta e dúas horas desde que se tivese coñecemento da existencia da gravación.

LEY 24. Pode un centro cultural gravar os seus empregados mediante o establecemento de cámaras?

Si, posto que o artigo 20.3 do Estatuto dos traballadores establece que "o empresario poderá adoptar as medidas que estime máis oportunas de vixilancia e control para verificar o cumprimento polo traballador das súas obrigacións e deberes laborais".

A captación de imaxes dos traballadores debe cumprir cos mesmos requisitos de proporcionalidade, confidencialidade, conservación temporal, transparencia e información que o tratamento das imaxes captadas aos visitantes do centro cultural, e nunca poderán instalarse sistemas de captación de imaxe en lugares destinados ao descanso ou lecer, como os aseos, vestiarios, etc.

25. Que é desexable efectuar con carácter previo ao establecemento de sistemas de videovixilancia?

É desexable que o centro cultural realice un estudo de riscos coa finalidade de implementar as medidas de seguridade pertinentes e proporcionais aos riscos existentes.

26. Que pasa se as cámaras non son reais e son simuladas?

A normativa de protección de datos só se aplica se as imaxes se captan e se reproducen realmente e non con cámaras simuladas. A instalación de cámaras simuladas non se rexe pola normativa de protección de datos.

27. Que acontece se as cámaras son reais pero están apagadas?

Se son reais, están suxeitas á normativa de protección de datos aínda que estean apagadas.

28. Poden captarse sons?

Si, pero só cando se acrediten riscos para a seguridade das instalacións, bens e persoas e sempre avaliando previamente os riscos e de forma proporcional a estes.

LEY 29. Que peculiaridade ten o recoñecemento de dereitos de propiedade intelectual no caso das fotografías?

O texto refundido da Lei de propiedade intelectual diferencia entre obras fotográficas e as meras fotografías, que son aquelas que só dan dereito exclusivo para autorizar a súa reprodución, distribución e comunicación pública, nos mesmos termos que os recoñecidos para os autores de obras fotográficas. Esta distinción non se aplica ás fotografías anteriores á Lei de 1987, que están baixo o ámbito da LPI de 1879 e gozan todas de protección sen distinguir entre obras fotográficas e meras fotografías, porque esta distinción se introduce na Lei de 1987.

30. Canto dura o dereito dos autores de meras fotografías?

Este dereito terá unha duración de vinte e cinco anos, computados desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte á data de realización da fotografía ou reprodución.

LEY

**31. En que se diferencian os dereitos dos autores de obras fotográficas e os dos realizadores dunha simple fotografía?**

Os dereitos do autor sobre a súa obra fotográfica teñen unha duración de 70 anos despois da súa morte (1 de xaneiro seguinte) ou declaración de falecemento (artigo 26 LPI), mentres que os dereitos do realizador sobre a súa mera fotografía teñen unha duración de 25 anos desde o 1 de xaneiro do ano seguinte á data de realización ou reprodución.

O realizador dunha mera fotografía non ten dereitos morais sobre ela (artigo 14 LPI), de forma que non pode esixir, por exemplo, o recoñecemento da súa condición de realizador, nin esixir respecto á integridade da súa fotografía. Tampouco ten recoñecido o dereito de transformación, polo que non pode impedir que terceiros modifiquen a súa fotografía de forma que derive unha diferente (sempre que non sexa unha simple reprodución).

En caso de cesión dos seus dereitos de explotación sobre a mera fotografía a un terceiro, o realizador en ningún caso (salvo pacto entre as partes, claro) pode esixir o exercicio do seu dereito a unha remuneración proporcional aos ingresos de explotación (artigo 46 LPI), que, salvo en contadas situacións, si pode esixir o autor sobre a súa obra fotográfica.

**32. Como se distingue entre obras fotográficas e meras fotografías?**

Segundo a normativa comunitaria de harmonización do prazo de protección dos dereitos de autor e dereitos afíns, unha obra fotográfica, de acordo co Convenio de Berna, debe considerarse orixinal se constitúe unha creación intelectual do autor que reflicte a súa personalidade sen que se tome outro criterio tal como o mérito ou a finalidade.

Iso supón que toda fotografía que implique un traballo de plan e concepción, no que interveña o esforzo intelectual, a capacidade creativa, o talento e a personalidade do fotógrafo, deberá considerarse orixinal. A mirada persoal do fotógrafo na concepción da fotografía, así como o seu reflexo e tradución na execución desta.

Pola contra, non serán obras fotográficas, senón meras fotografías obxecto do dereito afín recollido no art. 128, as que se limiten a recoller de forma mecánica automática, común ou normal, a realidade tal cal se presenta: a súa "imaxe banal". Aquelas fotografías nas que predomina o aspecto meramente mecánico ou técnico, nas que a captación da imaxe ou impresión da película se limita a pulsar o disparador da cámara.

33. Que dereito acompaña a venda dunha obra fotográfica salvo que se exclúa expresamente?

É unha excepción compartida coas obras plásticas respecto da venda doutras obras protexidas que consiste en que, cando se vende unha obra fotográfica, salvo que se exclúa expresamente, o adquirente orixinal do negativo da obra fotográfica, sen ser o autor, adquire o dereito de exposición da obra, pero só ese dereito.

34. Que é o dereito de participación que ten, entre outros autores, o da obra fotográfica?

É un dereito que lles permite participar economicamente no prezo que alcanzan as súas obras cando estas se revenden por un prezo igual ou superior a 800 euros se na devandita revenda intervén como vendedor, comprador ou intermediario un profesional

do mercado da arte, como unha sala de poxas, unha galería de arte, un marchante de obras de arte ou calquera outra persoa que realice habitualmente actividades de intermediación neste mercado.

35. É posible que os centros culturais prohiban a realización de fotografías no seu interior?

Si que é posible, e xustifícase habitualmente na falta dos dereitos de explotación da obra que non sempre son adquiridos polos centros, sobre todo museos; tamén se xustifica nos posibles danos físicos ás obras, xa que as luces do flash e as de xenon poden danar as obras; a utilización de paus de *selfie* e de trípodes poden causar danos accidentais. Finalmente, a conservación de bens do patrimonio cultural que poden verse danados pola reprodución inadecuada da súa imaxe tamén xustifica a prohibición.

36. É tendencia actual impedir a realización de fotografías nos museos?

Aínda que moitas das grandes institucións culturais prohiben a realización de fotografías no seu interior, a tendencia é a permitilas, xa que cada vez é máis difícil controlar o uso de dispositivos que son cada vez máis pequenos. Os danos que poden causar os flashes, os paus de *selfie* ou os trípodes evítanse coa prohibición do seu uso e, por outra banda, é moi molesto, e mesmo sospeitoso para o usuario, que se prohiba a realización de fotografías pero logo o propio museo publique en redes fotografías das obras ou as reproduza para fins de *merchandising*.




1433-1434

Fragmento dun cancionero escrito nun libro de notas do escribán Lopo García de Toar.

AG. Familia Pita da Veiga. Caixa G6062/045

<http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?id=1508476>



**O PÚBLICO
COMO
CREADOR DE
CONTIDOS
CULTURAIS**

Parroquia de _____ Lugar de _____

DATOS DE LA RELACION JURADA N.º 472

Propietario *Fernando Gomez Veiga*

Integros Liquidos

Renta del terreno..... 14

Renta proporia.....

DATOS DE LA HOJA N.º 11. CARPETAN.º

Propietario *Fernando Gomez Veiga*

Dirección *casas de campo*

Indice de la finca *casas de campo*

Superficie *0,60 m²*

Regimen de parcelas *3 y 4*

Form. de parcelas *1 y 2*

LOCALES	DESTINOS	LOCALES	DESTINOS
<i>pl. 1</i>	<i>pl. 1</i>		
<i>pl. 2</i>	<i>pl. 2</i>		

MATERIALES Y SISTEMA DE CONSTRUCCIÓN

en paredes de p. y f. y...

2

Descripción de la finca, estado de vida, servicios complementarios y datos de renta

56 m² a 1/2 = 56 p²

Renta 498

U = 309

4 23/1/3

8 25/2/5

12 3

Ch. N.º 10

C. = 25-

var. prop. 200

Valor arbitrio

RECORRETIMOS DE ANTES Y DE DESPUES

Entregada esta relación en Pontevedra a ...

1919. Caderno de campo do catastro de urbana dos lugares da Ermida, Fonte Carreira e Cruceiro, no Concello de Arbo. AHPPo. Delegación Provincial do Ministerio de Facenda en Pontevedra. Libro 2499 <http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?id=1565494>

Os centros culturais, entre eles os arquivos, cumpren na actualidade un papel que vai máis aló das clásicas funcións de conservación, investigación e difusión do patrimonio cultural.

A evolución desde a democratización cultural ata a democracia cultural cambiou os parámetros e os modelos de funcionamento destes centros, máis abertos na actualidade ao público en xeral (aos distintos tipos de público) e máis receptivos á súa participación activa na propia creación cultural. A actual conxuntura, cun mundo cada vez máis globalizado e dixital, xera novas dinámicas de relación entre a cidadanía e os centros. Estes asumen como reto a necesaria adaptación ás novas esixencias e inquedanzas culturais.



1. Cal é a diferenza entre a democratización da cultura e a democracia da cultura?

A democratización da cultura xorde coa finalidade de que a poboación teña acceso ás grandes manifestacións do patrimonio cultural; é, polo tanto, unha participación pasiva e vinculada ás artes clásicas.

Pola contra, a democracia cultural procura unha participación activa da cidadanía na vida cultural, de aí que busque fomentar novas manifestacións culturais e, con iso, o talento cultural e, polo tanto, unha loita pola cultura inclusiva.

2. Cales son as formas de xeración de recursos culturais polo público dos centros culturais?

O público pode xerar contidos espontaneamente, como fotografías e vídeos, e mesmo valoracións en redes ou en plataformas; noutras ocasións son creacións fomentadas polos propios centros, como é o caso de obradoiros de escultura, narrativa ou de creación audiovisual, e mesmo con exposicións interactivas nas que o público é chamado a participar. Por último, existe o suposto da cocreación, como a recollida de testemuños e anécdotas polo público para a recompilación e posta en valor do patrimonio cultural, especialmente o inmaterial.

3. Cales son os beneficios dos contidos xerados polo público?

Unha maior conexión e vinculación coa identidade cultural da poboación local, unha visión inclusiva da cultura, un maior impacto e difusión das actividades do centro cultural debido ás redes sociais e a aplicación da innovación e das novas tecnoloxías no acceso ao patrimonio cultural.

4. Cales son os riscos que debemos evitar na xeración de contidos polo público dos centros culturais?

A información desinformada ou os *fake* que hoxe proliferan e que deben evitarse mediante a incorporación de controis de calidade coa validación de expertos.

Outro risco é o relativo aos problemas dos dereitos de propiedade intelectual sobre os ditos contidos e a importancia das licenzas de uso ou Creative Commons.

Por outra banda, a inclusión debe darse a todos os colectivos para evitar a concentración en certos grupos; as estratexias inclusivas deben ser diversas.

5. Que acontece se un usuario dun centro sobe ao Instagram ou outra rede social unha fotografía dunha obra de arte contemporánea exposta nun museo sen o consentimento do artista?

Se un visitante toma fotografías ou vídeos dunha obra protexida e os publica en redes sociais ou os comercializa, pode estar a infrinxir dereitos de propiedade intelectual, como os de reprodución e comunicación pública, polo que o artista ou os seus herdeiros poden reclamar.

6. Cales son as estratexias dos centros culturais fronte a esa situación?

Alguns museos prohiben a toma de fotografías ou vídeos, tanto de obras protexidas como incluso das que se atopan no acervo común, neste último caso acudindo ás competencias para a protección e conservación do patrimonio cultural. Outros permiten a fotografía só para o uso persoal do público pero impedindo a comercialización.

LEY 7. Poden os visitantes reinterpretar, editar e transformar obras expostas, por exemplo mediante memes, ilustracións ou publicacións en Facebook, Instagram, X ou Tik Tok sen a autorización do autor?

O Real decreto lei 24/2021, do 2 de novembro, coñecido como Lei Iceta, establece no seu artigo 70 que non é necesaria a autorización do autor ou titular dos dereitos para a transformación dunha obra divulgada cando esa transformación consista en tomar determinados elementos característicos da obra dun artista e combinalos de forma que dean a impresión de ser unha creación independente, de modo que non exista risco de confusión coas obras ou prestacións orixinais nin se infira un dano á obra ou ao autor orixinal. O artigo estende este límite a calquera uso, tamén diferente do dixital.

8. Se un artista dixital remestura cadros clásicos dun museo ou varias obras expostas nun centro cultural e as converte nunha ilustración que logo vende como NFT (*token non funxible*) que, partindo da tecnoloxía *blockchain*, converte arquivos dixitais en obras de arte que son únicas e insubstituíbles —a diferenza daquela da que parten—, ao asignarlles un código que permite comprobar a súa inalterabilidade e asegurar que non se poderán plaxiar, pode o museo ou o autor orixinal reclamar dereitos?

Coa Lei Iceta non poderían reclamar se estamos ante unha obra que non é unha mera copia confundible coa obra orixinal e sempre que non se dane o autor. Pero a mera conversión sen transformación da obra, é dicir, a mera copia dixital, aínda que sexa en NFT, si sería unha vulneración dos dereitos de autor.

9. Cal é o maior problema desta obras dixitais e da súa adquisición?

A dificultade de probar a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual, a inseguridade sobre o que se entende por transformación e a asunción de responsabilidade polas plataformas que exhiban estas obras.

A súa adquisición pode ser tamén un problema para os centros culturais.

10. Cando falamos de obras dixitais — é dicir, de arte dixital, sexa en NFT ou non— pero que sexan creacións e non meras copias dixitais, como está protexido o autor? Cales son os dereitos do creador dixital?

De momento, en España, a normativa aplicable é o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, e non hai especialidades no réxime xurídico.

11. Existen outros mecanismos para a protección das obras dixitais e os dereitos de autor?

Si; ademais do rexistro da obra existen outros mecanismos que se poden implementar, como a tecnoloxía *blockchain*, as licenzas dixitais, o depósito notarial da obra ou a certificación, pola Organización Mundial da propiedade intelectual, da autoría e carácter inalterable da obra.

 **12. Que supón a tecnoloxía *blockchain*?**

Permite seguir a obra desde a súa creación, de xeito que calquera alteración pode ser detectada, permitindo e garantindo así, mediante un código, a autenticidade e inmodificabilidade da obra.

 **13. Que son as licenzas dixitais?**

Son auténticos contratos que lle permiten ao autor controlar como se utiliza a súa obra na rede, podendo establecer limitacións á súa reprodución, exhibición, comunicación, etcétera.

14. A propiedade intelectual protexe ideas?

Non, a propiedade intelectual protexe a plasmación desas ideas, pero estas como tales non están protexidas.

 **15. Que é o *ready-made* ou o *objet trouvé*?**

É unha manifestación artística que consiste en utilizar obxectos xa existentes e que, normalmente, non son artísticos, para darlles un novo significado.

16. O *ready-made* ou o *objet trouvé* xera dereitos?

Se é tal e non unha mera copia, si. Existen casos moi coñecidos, como o do Pont Neuf de París feito por Christo ou o vestido Mondrian de Yves Saint Laurent.

17. As copias e as restauracións xeran dereitos de propiedade intelectual?

Non con carácter xeral, pero debemos sinalar casos excepcionais. Así, cando a copia dunha obra é realizada por un artista consagrado, a tendencia é recoñecer dereitos ao copista, do mesmo xeito que se o copista é o propio autor. Tamén existen excepcións coñecidas no caso da restauración, como é o caso dos manuscritos do Mar Morto.

18. Se un centro lanza un concurso de fotografía no que os participantes deben capturar imaxes da súa colección, os dereitos desas fotos pertencen ao museo ou aos autores?

Os dereitos pertencen ao fotógrafo se a obra ten orixinalidade e creatividade (é dicir, que non sexa unha simple reprodución mecánica) e non se vulneraron outros dereitos

no proceso (como os do titular dos dereitos sobre a obra fotografada ou as normas do centro).

Os dereitos pertencen ao autor da obra fotografada se a obra aínda está protexida por dereitos de autor.

E tamén poden pertencer ao centro, que pode ter dereitos sobre a contorna ou a montaxe expositiva (se son orixinais ou as contratou por un contrato de servizos que lle atribúe os dereitos de explotación da montaxe, salvo exclusión nos pregos). Pode ter tamén dereitos de reprodución fotográfica se fixo fotos propias de obras en dominio público e lles engadiu unha achega creativa.

19. Algúns visitantes crean produtos comerciais (camisetas, pósteres, cuncas) con imaxes de obras do museo que aínda non pasaran ao acervo común. É isto posible?

Isto pode infrinxir tanto os dereitos do autor da obra como os do centro no que se expoñen, que pode ter dereitos sobre as reproducións das súas coleccións. Xa que logo, non se poden usar obras protexidas por dereitos de autor que non estean no acervo común, para estes fins, sen autorización.

20. E se as obras están no dominio público, se xa pasaron ao acervo común?

En principio podemos utilizar calquera obra do acervo común para fins comerciais, pero existen países onde iso non é posible, como é o caso de Italia.

Cada vez é máis frecuente acudir á lexislación de patrimonio cultural para impedir o *merchandising* ou a comercialización das obras.

21. Cales son as estratexias que poden implementar os centros culturais para afrontar estes problemas?

- A claridade nas políticas de uso de imaxes e publicación de directrices sobre as fotografías e uso das imaxes.
- O uso de licenzas abertas e de Creative Commons en coleccións que xa están en dominio público.
- A creación de bancos de imaxes de uso gratuíto.
- A claridade nos acordos e contratos (como os de cocreación).
- A creación de *merchandising* propio.
- A educación e a sensibilización.

22. A intelixencia artificial pode usarse para crear arte?

Si. Existen obras creadas por intelixencia artificial; de feito, é cada vez máis común que os centros creen novas obras inspiradas en artistas clásicos ou para crear narrativas das obras por IA con *chatbots* e asistentes virtuais.

23. Esas obras xeran dereitos de autor?

A Lei de propiedade intelectual establece no seu artigo 5 que «se considera autor a persoa natural que crea algunha obra literaria, artística ou científica».

Polo tanto, só unha persoa física pode ser autora; en consecuencia, só se existe intervención humana poderíamos falar de dereito de autor. Así que se a obra é xerada por unha ferramenta de IA soamente, non habería protección da obra.

24. Que valoran os tribunais para entender que existe un uso lexítimo dunha obra?

Os tribunais valoran:

1. O propósito e carácter do uso, incluíndo se ese uso é de natureza comercial ou ten fins educativos sen ánimo de lucro.
2. A natureza da obra protexida por dereitos de autor.
3. A cantidade e substancialidade da parte utilizada en relación coa obra protexida no seu conxunto.
4. O efecto do uso sobre o mercado potencial ou valor da obra protexida por dereitos de autor.

LEY 25. Que é a liberdade de panorama?

Atópase prevista no artigo 35.2 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual e supón a posibilidade de tomar e publicar fotografías e vídeos de obras sitas en espazos públicos sen restricións, conservando a propiedade intelectual e outros dereitos dos arquitectos e artistas.

26. A liberdade de panorama impide explotar comercialmente as obras?

Non. Estudouse esa posibilidade pero non prosperou. As obras sitas en parques, rúas, xardíns, etc. poden ser explotadas comercialmente.

27. Existe algún mecanismo para limitar o uso comercial na liberdade de panorama?

A resposta vén dada pola propiedade industrial. Pódese limitar a liberdade de panorama rexistrando a obra como marca e restrinxindo así o uso comercial por terceiros.



1975


Debuxo orixinal de Luís Seoane con dedicatoria a Luz Pozo Garza.

É utilizado como ilustración no número de *Nordés* de abril de 1983, dedicado ao artista, xunto a outra versión que regalou en 1977 a Luz Pozo Garza e Eduardo Moreiras.

Arquivo de Galicia. G83171/7



**CONTROIS
DE ACCESO
AOS CENTROS**



Proxecto do Arquivo Rexional de Galicia / Pedro Mariño. 1923
Colección cartográfica. Sig. PLAN-4679. ARG

Neste capítulo trataranse cuestións relativas ao acceso, entendido este desde unha perspectiva espacial, aos centros culturais en xeral e aos arquivos en particular.

A regulación neste eido é máis ben escasa, pero convén introducir aquelas cuestións que poden incidir dalgún modo na entrada aos edificios nos que se pretende exercer o dereito de acceso documental



1. Que son os controis de acceso e cal é a súa importancia na evolución histórica dos centros culturais?

Podemos definir os controis de acceso de maneira xeral como os mecanismos establecidos desde a organización dun centro cultural para restrinxir a entrada ou proceder á expulsión dos visitantes.

A noción de controis de acceso está intimamente ligada coa idea do público que pode gozar do centro cultural. Nese sentido, acompaña a evolución dos centros, que comezaron como centros, moitos dos cales empezaron sendo esencialmente privados, onde as clases nobres marcaban status con arte ou obxectos (o cuarto de marabillas), para evolucionar despois a verdadeiras institucións públicas, orientadas ben a educar o público (nunha noción ilustrada), ou ben a alicerzar a idea da nación.



2. Cales son os principios que rexen a normativa nacional e internacional en materia de control de accesos?

Desde unha perspectiva de principios, é interesante observar que a nosa normativa estatal, que atopa lexitimade última no artigo 44 da Constitución, parte dun dereito de acceso á cultura como principio reitor, o que configura os controis de acceso como a traba xustificada a unha cultura á que a cidadanía pode puntualmente acceder.

Porén, a normativa internacional e as correntes de pensamento contemporáneas avogan por unha noción de democracia cultural onde a cidadanía non accede á cultura, senón que ten dereito a participar da vida cultural. O cidadán non é só un elemento pasivo, senón tamén axente creador da cultura na que se insire. Isto, loxicamente, supón un cambio de paradigma tamén nos controis de acceso.



3. Cal é a normativa fundamental estatal e galega no referido aos controis de acceso?



A nivel estatal, a normativa fundamental atopámola no artigo 62 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, que fala das *restricións que, por razón da conservación dos bens neles custodiados ou da función da propia institución, poidan establecerse*. Trátase dunha normativa centrada na protección e conservación, moi parca no referido en xeral aos controis de acceso, se ben ten algúns principios e regulacións concretas que poden servir como criterio interpretativo tamén da normativa galega.

A nivel autonómico, a normativa fundamental témola, por unha banda, na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, así como nas leis sectoriais concretas: a Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia; a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia; e a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.

A máis recente norma galega con disposicións aplicables a controis de acceso é a Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia.



4. Cales son os dereitos de acceso a un ben catalogado de titularidade privada?



Os dereitos de acceso a bens patrimoniais de titularidade privada aparecen regulados na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, onde se diferencia entre bens catalogados e bens de interese cultural (BIC).

Para os bens catalogados, segundo o artigo 36 da Lei 5/2016, os propietarios só teñen a obriga de permitir o acceso ao persoal con función inspectora, ao persoal investigador acreditado e ao persoal técnico que teña que facer informes necesarios para a tramitación do procedemento de declaración de interese cultural ou de inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

Esta última obriga é unha das novidades da lei derivadas do proceso do Pazo de Meirás. Son sentenzas de relevancia sobre esta cuestión a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 17 de setembro de 2009, Recurso 4447/2007 e a Sentenza do Tribunal Supremo do 29 de novembro de 2012, Recurso 1563/2012.



5. Para o caso dos bens de interese cultural de titularidade privada, como se configuran os dereitos de acceso?

Para o caso dos BIC, a Lei 5/2016 sinala no artigo 48 que os propietarios privados teñen a obriga de garantir o acceso ao público un mínimo de 4 días ao mes, e neses días polo menos durante 4 horas.

A propia norma sinala como límites a esta obriga os dereitos de intimidade persoal dos propietarios do ben. O precepto fala da posibilidade de dispensar total ou parcialmente este dereito se hai causa xustificada, así como non estender a visita pública aos espazos que constitúan domicilio particular. Neste sentido, dependendo da natureza e usos do ben, esta visita pública pode variar en gran medida (non é o mesmo un pazo que constituía unha residencia privada que ese mesmo pazo destinado á celebración de eventos de hostalaría, por exemplo).

En todo caso, a lei configura o incumprimento desta obriga como falta leve [artigo 129, e)], que leva aparellada unha sanción de multa de 300 a 6.000 euros.



6. Onde aparecen reguladas as condicións de acceso á documentación nos arquivos que forman parte do Sistema de Arquivos de Galicia?

No artigo 23 e seguintes da Lei 7/2014, do 26 de setembro.

Da regulación da lei cabe destacar varios aspectos:

- a) O acceso a estes arquivos é gratuíto.
- b) Tamén é gratuíta a consulta directa dos documentos. Porén, a obtención de copias e certificacións dos documentos está sometida ao aboamento de taxas e prezos públicos legalmente establecidos ou á habilitación legal correspondente.
- c) O dereito de acceso aos documentos sométese ás excepcións previstas na Constitución e nas leis. Entre elas atópanse as limitacións de carácter temporal, así como por razón da concorrencia de datos de carácter persoal, establecidas nos apartados 5 e 6 do artigo 23.
- d) As denegacións do acceso requiren resolución motivada.

LEI 7. Que norma autonómica regula as tarifas aplicables aos servizos de reprodución de documentos nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia?

O Decreto 219/2011, do 17 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos e as normas dos servizos de reprodución prestados nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia. DOG núm. 229, do 30 de novembro de 2011.

LAW 8. É posible poñer diferentes tarifas de entrada a centros culturais para nacionais e outros cidadáns da Unión Europea?



Aínda que as primeiras regulacións na década dos noventa, como o Decreto 320/1992, do 12 de novembro, establecía a posibilidade de establecer prezos de entradas diferentes para os estranxeiros, incluídos os nacionais doutros Estados membros, a normativa máis recente, seguindo a xurisprudencia comunitaria, prohibe esta diferenciación, por considerala contraria aos principios do mercado único na prestación de servizos, conforme o artigo 56 do Tratado de Funcionamento da Unión Europa.

Podemos traer a colación a este respecto as sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 15 de marzo de 1994 contra o Reino de España (asunto C-45/93) e do 16 de xaneiro de 2003 contra Italia (asunto C-388/2001).

9. É posible organizar eventos privados nos centros culturais?

Tendo en conta a normativa actual, nada impide a organización de eventos privados nos centros culturais, se ben en todo caso debe quedar garantido o réxime de visita público previsto pola norma. Fóra do horario habitual de apertura, existen experiencias noutras comunidades autónomas de visitas deste estilo, con regulación e tarifa propias, que poden servir como outra vía de financiamento para o centro.

LEI 10. Quen é o órgano competente para determinar as condicións de acceso a un centro cultural?

En determinados centros, como é o caso dos museos, o artigo 25 da Lei 7/2021, do 17 de febreiro, establece que as condicións de acceso deberán ser reguladas pola consellería competente, baixo os principios de igualdade, non discriminación e deseño universal, no caso dos centros de titularidade pública. Nos demais da Comunidade Autónoma, a dirección xeral competente na materia debería receptionar e autorizar as condicións propostas polos respectivos centros.

Se ben estes principios son efectivamente os que deben guiar sempre as medidas de condición de acceso, na práctica actual o habitual é que as condicións sexan adoptadas directamente polos órganos directivos de cada un dos centros. Se ben unha coordinación sería desexable, sempre será preciso ter en conta a natureza e tipoloxía do centro cultural, os bens expostos, o contexto social da localización onde se insire, entre outros factores, para determinar esas condicións de acceso.

LEI 11. Cales son os límites ás condicións de acceso que se poden impoñer?



A norma, como dicimos, mantense nun plano xeral e non establece limitacións ás condicións de acceso que se poden impoñer nos centros culturais. A práctica habitual deslinda unha miríade de casos problemáticos (accesos con comida, con bolsos ou

mochilas, con animais, con dispositivos de gravación...), pero, máis alá dos principios de igualdade, non discriminación e accesibilidade, a nosa norma autonómica non establece maior concreción.

A única limitación que se prevé na regulación autonómica é a posibilidade prevista no artigo 116 da Lei de patrimonio cultural de Galicia, relativa a aquelas restricións “por causa de conservación dos bens custodiados”, e a prevista no artigo 25 da Lei de museos, onde se matiza que o acceso será realizado con pleno respecto aos dereitos de propiedade intelectual.

É interesante mencionar, no sector museístico, a lexislación estatal neste aspecto, pois o artigo 21 do Real decreto 620/1987, do 10 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Museos de Titularidade Estatal e do Sistema Español de Museos, prevé que os responsables poderán adoptar as medidas necesarias para asegurar a boa orde nas salas e excluír destas os que, por algún motivo, a alteren. Vemos que a norma estatal explícita este título de lexitimade do museo para adoptar medidas de control da orde e a expulsión, que, se ben non aparece recollido expresamente na normativa autonómica, parece o corolario lóxico das facultades recoñecidas para o control de acceso.

En todo caso, hai que recordar que no exercicio por parte do centro cultural dos poderes de control de acceso e expulsión está limitando un dereito recoñecido con rango constitucional, pois limita o acceso da cidadanía á cultura. O exercicio desta potestade, semellante, no fondo, a un dereito sancionador ou de orde pública, debe ser exercitado sempre coa maior moderación e atendendo a finalidades obxectivas de interese público ou doutros usuarios.

12. Cales son outras circunstancias que afectan unha concepción integral dos dereitos de acceso?

Ademais da restrición paradigmática do control de acceso na entrada do centro cultural, outras das problemáticas de maior actualidade relacionadas cos museos e a cultura teñen conexión directa co dereito de acceso.

Falamos, por exemplo, da accesibilidade xeográfica e a descolonización dos museos, coa posibilidade de devolver materiais e fondos aos seus lugares de orixe, para poñer en valor o contexto en que se produciron.

Tamén poderíamos mencionar a problemática do turismo masivo, que obriga a limitar e regular con maior cautela os fluxos de acceso a centros culturais e monumentos, como podemos ver en casos como o da Alhambra ou o Pórtico da Gloria.

Por outra banda, a dixitalización de fondos ou as visitas virtuais favorecen e exploran novas vías de accesibilidade universal, se ben a fragilidade dos formatos e a memoria dixital son retos para superar.

LEY 13. É posible acceder con mascotas a un centro cultural?

Non só é posible, senón que a Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e benestar dos animais, indica expresamente no seu artigo 29.3 que, salvo que se estableza expresamente o contrario, debe permitirse o acceso con animais de compañía nos edificios e dependencias públicas.

Así as cousas, para que un centro cultural poida restrinxir este acceso con animais (por razóns de conservación, seguridade, etc.), deberá recollelo expresamente nas súas condicións de acceso debidamente publicadas, tanto dixitalmente como no exterior do edificio.

14. É obrigatorio permitir o acceso de cans guía aos centros culturais? E outros animais terapéuticos ou de apoio?

Os cans guía teñen un réxime reforzado que lles permite o acceso sempre; non se lles pode denegar en ningún caso, de conformidade co previsto na Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno de persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.

O resto de animais que cumpren ou poden cumprir funcións terapéuticas non teñen un réxime claro. Se ben sen dúbida responden a finalidades de interese evidente, como de prevención sanitaria ou de seguridade (pensemos en cans terapéuticos para persoas con diabetes ou cans de protección para vítimas de violencia de xénero), non existe na actualidade un mecanismo de recoñecemento que permita certificarlos e garantir o seu acceso, como acontece no caso dos cans guía. Os centros culturais deben, polo tanto, ponderar nestes casos a credibilidade da documentación que, se é o caso, se lles facilite, as condicións do animal e do propio centro, ou pensar en alternativas posibles para suplir a presenza do animal. Con todo, sería desexable o establecemento de mecanismos de colaboración entre institucións e unha normativa máis explícita, para dotar os xestores culturais dunha maior seguridade xurídica.

LEI 15. Existe na Comunidade Autónoma de Galicia algunha restrición específica de acceso aos centros culturais con animais de compañía?

Si. O 27 de xuño de 2024, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asinou as *Instrucións relativas á limitación do acceso de animais de compañía nos arquivos, bibliotecas e museos xestionados pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en aplicación da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais*.

Nestas instrucións, por motivos de conservación dos bens custodiados, non se permite o acceso de animais de compañía nos edificios destinados a arquivos, biblioteca ou museo, se ben esta previsión se establece sen prexuízo do previsto na Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.

10

ÍNDICE
LEXISLATIVO

LEXISLACIÓN DE ORGANISMOS INTERNACIONAIS

- Resolución 217 A (III) do 10 de decembro de 1948, da Asemblea Xeral das Nacións Unidas pola que se aproba a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Convenio de Berna para a protección das obras literarias e artísticas, do 9 de setembro de 1886, revisado en Berlín o 13 de novembro de 1908 e en Roma o 2 de xuño de 1928.
- Tratado da Organización Mundial da Propiedade Intelectual (OMPI) sobre dereitos de autor, feito en Xenebra o 20 de decembro de 1996.
- Directiva 2006/115/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos dereitos de alugueiro e préstamo no ámbito da propiedade intelectual.
- Decisión 2006/515/CE relativa á celebración da Convención sobre a Protección e Promoción da Diversidade das expresións Culturais.
- Tratado da Unión Europea e Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Versións consolidadas. Protocolos. Anexos. Declaracións anexas á acta final da Conferencia intergubernamental que adoptou o Tratado de Lisboa (DOUE núm. 83, do 21 de marzo de 2010).
- Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, feita en Estrasburgo o 12 de decembro de 2007 (DOUEC núm. 303, do 14 de decembro de 2007).
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
- Directrices 07/2020 sobre os conceptos de "responsable do tratamento" e "encargado do tratamento" no RXPD.

LEXISLACIÓN ESTATAL

- Lei do 10 de xaneiro de 1879, de propiedade intelectual (*Gaceta de Madrid* núm. 12, do 12 de xaneiro).
- Real decreto do 14 de setembro de 1882 polo que se aproba a Lei de axuízamento criminal (*Gaceta de Madrid* núm. 260, do 17 de setembro).
- Real decreto do 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código civil (*Gaceta de Madrid* núm. 206, do 25 de xullo).
- Constitución española (BOE núm. 311, do 29 de decembro de 1978).
- Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe (BOE núm. 115, do 14 de maio).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril).
- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm. 155, do 29 de xuño).

- Resolución do 14 de decembro de 1989, da Secretaría Xeral Técnica pola que se dá publicidade dos convenios entre o Ministerio de Cultura e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre xestión de bibliotecas, museos e arquivos de titularidade estatal (BOE núm. 303, do 19 de decembro).
- Lei orgánica 10/1995, do Código penal (BOE núm. 281, do 24 de novembro).
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE núm. 167, do 14 de xullo).
- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (BOE núm. 131, do 2 de xuño).
- Real decreto 1708/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o Sistema Español de Arquivos e se regula o Sistema de Arquivos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos e o seu réxime de acceso (BOE núm. 284, do 25 de novembro).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro).
- Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores (BOE núm. 255, do 24 de outubro).
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro).
- Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual (BOE núm. 97, do 22 de abril).
- Real decreto 624/2014, do 18 de xullo, polo que se desenvolve o dereito de remuneración aos autores polos préstamos das súas obras realizadas en determinados establecementos accesibles ao público (BOE núm. 186, do 1 de agosto).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro).
- Real decreto 224/2016, do 27 de maio, polo que se desenvolve o réxime xurídico das obras orfas (BOE núm. 141, do 11 de xuño).
- Real decreto 1398/2018, do 23 de novembro, polo que se desenvolve o artigo 25 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 17 de abril, en canto ao sistema de compensación equitativa por copia privada (BOE núm. 198, do 11 de decembro).
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 6 de decembro).
- Real decreto lei 24/2021, do 2 de novembro, de transposición de directivas da Unión Europea nas materias de bonos garantidos, distribución transfronteiriza de organismos de investimento colectivo, datos abertos e reutilización da información do sector público, exercicio e dereitos de autor e dereitos afíns aplicables a determinadas transmisións en liña e as retransmisións de programas de radio e televisión, exencións


temporais e determinadas importacións e subministracións de persoas consumidoras e para a promoción de vehículos de transporte por estrada limpos e enerxeticamente eficientes (BOE núm. 263, do 3 de novembro).

- Real decreto 209/2023, do 28 de marzo, polo que se establece a relación de equipos, aparatos e soportes materiais suxeitos a pagamento de compensación equitativa por copia privada, as cantidades aplicables a cada un deles e a distribución entre as distintas modalidades de reprodución (BOE núm. 75, do 29 de marzo).

LEXISLACIÓN AUTONÓMICA

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de autonomía para Galicia (DOG núm. 101, do 28 de abril).
- Decreto 320/1992, do 12 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos percibidos pola Xunta de Galicia nos arquivos e museos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 231, do 22 de novembro).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, do 5 de agosto).
- Decreto 219/2011, do 17 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos e as normas dos servizos de reprodución prestados nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia (DOG núm. 229, do 30 de novembro).
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia (DOG núm. 122, do 27 de xuño).
- Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia (DOG núm. 191, do 7 de outubro).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16 de maio).
- Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e centros museísticos de Galicia (DOG núm. 38, do 25 de febreiro).
- Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia (DOG núm. 238, do 11 de decembro).

Os traballos para a edición deste libro finalizaron o día 14 de novembro de 2025,
Día Internacional contra o Tráfico Ilícito de Bens Culturais (UNESCO)



GUÍA
DE ACCESO
DOCUMENTAL
DO SISTEMA DE ARQUIVOS
DA XUNTA DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE